

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO O 06.03.2014**

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene, A Coruña, cando son as 18.10 h. do 06.03.2014 e baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do concello ao obxecto de realizar sesión ordinaria.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Rocío Aurora Bértoa Puente, Alejandro Dopico Rodríguez, Juan José Franco Casal, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Painceiras, Iván Puentes Rivera, Antón Lois Noceda Carballo, Amalia García Balado, María Carmen Silvar Canosa, José Antonio López Rodríguez, Juventino José Trigo Rey, Rita María Couto Seijido, Manuel Polo Gundín, Inés Roca Requeijo, Justo Martínez Ardá e María Carmen Martínez Rodríguez.

Secretario accidental:

Fernando Aradas García

Interventor en réxime de acumulación:

Manuel Larrosa Martínez

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

De seguido o alcalde dá conta do erro no número da resolución da Alcaldía de convocatoria do Pleno, pois non é o 178 senón que o correcto é o 182/2014.

### **1. Aprobación, se procede, das actas das sesións ordinarias do 09.01.2014**

A continuación fai uso da palabra o concelleiro Juventino José Trigo Rey que di que se modificou o sinalado no anterior pleno aínda que se puxo todo no mesmo punto pero como non altera para nada á finalidade di que está conforme.

Non habendo obxeccións, as actas quedan aprobadas.

### **2. Dación de conta das Resolucións da Alcaldía dende o número 21/2014 á 109/2014**

Os concelleiros danse por informados.

### **3. Dación de conta do informe de Intervención e Tesourería correspondente ao 4º trimestre de 2013 sobre o cumprimento das previsión establecidas na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais**

Os concelleiros danse por informados.

Seguidamente intervén o alcalde que pide desculpas por non presentar ao inicio da sesión ao interventor en acumulación de tarefas que é o secretario-interventor do Concello de Ares Manuel Larrosa Martínez.

### **4. Dación de conta da remisión de información do 4º trimestre do exercicio 2013 en cumprimento da Orde HAP/2105/2012, pola que se desenrolan as obrigas de subministro de información previstas na LO 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financieira**

Os concelleiros danse por informados.



**5. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do PSOE en relación coa aplicación da reforma da política agraria comunitaria (PAC)**

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente con 5 votos a favor (2 de grupo municipal PSOE, 2 do grupo Municipal BNG e 1 do grupo municipal mixto) e 2 abstencións do grupo municipal do PP na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego realizada o 24.02.2014:

“O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, ó abeiro do disposto na lexislación vixente, en relación coa APLICACIÓN DA REFORMA DA POLITICA AGRARIA COMUNITARIA (PAC), presenta para o seu debate e votación a seguinte moción ao Pleno do Concello de Fene:

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Unha vez aprobada a Reforma da PAC para o período 2014-2020 no marco comunitario, este deixou aberto para que sexa o estado membro quen na negociación, no caso español coas distintas comunidades autónomas, faga unha distribución dos fondos o máis axeitada e acorde posible co realidade produtiva e social existente. Este é un feito histórico que sen dúbida debería servir e así o manifesta a filosofía da norma europea para corrixir os desaxustes que neste momento poidan existir dentro dos propios países.

Nese proceso é no que nos atopamos inmersos a nivel do estado e no que Galicia como comunidade onde o sector agrario ten un peso moi importante, debería ter unha posición de defensa dos intereses dos nosos agricultores/as e gandeiros/as de cara a que estes poidan ter as mesmas oportunidades de competencia cos veciños europeos, posto que a igual produción se existen produtores máis primados por este tipo de axudas que outros, estes terán maior posibilidade de competir vía prezo de venda do produto.

Ata o momento celebráronse dúas sectoriais dos responsables de agricultura e medio rural das distintas comunidades autónomas co Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medioambiente de cara elaborar a normativa reguladora da PAC para os vindeiros 7 anos. A primeira o 24 de xullo do ano 2013 e por último a celebrada os días 20 e 21 de xaneiro de 2014.

Galicia, a través da Conselleira do Medio Rural e do Mar, acudiu as dúas reunións sen unha posición de defensa clara e sen uns obxectivos mínimos a acadar en dita negociación. Rexeitou un acordo co sector, e tamén un acordo cos grupos políticos no marco parlamentario. Unha das poucas comunidades autónomas, e a única onde o peso destas axudas é significativo, que non levaba detrás da conselleira/o correspondente unha posición común do seu parlamento autonómico de respaldo para abordar a negociación.

O PSdeG-PSOE, ofertou e segue ofertando ese acordo que baixo o noso punto de vista nos parece fundamental de cara a ter unhas mínimas garantías de éxito no proceso negociador. E neste sentido seguirá intentando, no ámbito parlamentario a través de iniciativas, acadalo.

Un acordo que defenda a singularidade das producións galegas, e do modelo de produción que se da no noso país. Que corrixa a marxinación que os nosos produtores/as teñen a día de hoxe na percepción destas axudas por estar baseadas en dereitos históricos que non se adaptan a nosa realidade actual.

Galicia polo tanto tanto tiña e debería seguir tendo moitos argumentos para poder mellorar as percepcións que había en períodos anteriores, por iso resulta inaudito e de todos xeitos incomprendible que a Xunta de Galicia aborde esta negociación coa única expectativa de “non perder demasiado”.

Hai outras comunidades que foron as sectoriais con unhas demandas claras, concretas, argumentadas e cuantificadas dos fondos que esixían, e polo resultado das dúas primeiras reunións vemos que é bastante máis efectivo que a estratexia levada a cabo pola Consellería de Medio Rural.

C.I.F.: P-1503600-G



De non acadar unha PAC que verdadeiramente chegue aos produtores e a aqueles que xeran emprego no noso mundo rural, estaremos desperdiciando unha ocasión única de dar viabilidade a miles de explotacións, e tamén en certo sentido estaremos deslexitimando socialmente estas axudas. Unha vez aprobada a Reforma da PAC para o período 2014-2020 no marco comunitario, este deixou aberto para que sexa o estado membro quen na negociación, no caso español coas distintas comunidades autónomas, faga unha distribución dos fondos o máis axeitada e acorde posible co realidade produtiva e social existente. Este é un feito histórico que sen dúbida debería servir e así o manifesta a filosofía da norma europea para corrixir os desaxustes que neste momento poidan existir dentro dos propios países.

Nese proceso é no que nos atopamos inmersos a nivel do estado e no que Galicia como comunidade onde o sector agrario ten un peso moi importante, debería ter unha posición de defensa dos intereses dos nosos agricultores/as e gandeiros/as de cara a que estes poidan ter as mesmas oportunidades de competencia cos veciños europeos, posto que a igual produción se existen produtores máis primados por este tipo de axudas que outros, estes terán maior posibilidade de competir vía prezo de venda do produto.

Ata o momento celebráronse dúas sectoriais dos responsables de agricultura e medio rural das distintas comunidades autónomas co Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medioambiente de cara elaborar a normativa reguladora da PAC para os vindeiros 7 anos. A primeira o 24 de xullo do ano 2013 e por último a celebrada os días 20 e 21 de xaneiro de 2014.

Galicia, a través da Conselleira do Medio Rural e do Mar, acudiu as dúas reunións sen unha posición de defensa clara e sen uns obxectivos mínimos a acadar en dita negociación. Rexeitou un acordo co sector, e tamén un acordo cos grupos políticos no marco parlamentario. Unha das poucas comunidades autónomas, e a única onde o peso destas axudas é significativo, que non levaba detrás da conselleira/o correspondente unha posición común do seu parlamento autonómico de respaldo para abordar a negociación.

O PSdeG-PSOE, ofertou e segue ofertando ese acordo que baixo o noso punto de vista nos parece fundamental de cara a ter unhas mínimas garantías de éxito no proceso negociador. E neste sentido seguirá intentando, no ámbito parlamentario a través de iniciativas, acadalo.

Un acordo que defenda a singularidade das producións galegas, e do modelo de produción que se da no noso país. Que corrixa a marxinación que os nosos produtores/as teñen a día de hoxe na percepción destas axudas por estar baseadas en dereitos históricos que non se adaptan a nosa realidade actual.

Galicia polo tanto tanto tiña e debería seguir tendo moitos argumentos para poder mellorar as percepcións que había en períodos anteriores, por iso resulta inaudito e de todos xeitos incompreensible que a Xunta de Galicia aborde esta negociación coa única expectativa de "non perder demasiado".

Hai outras comunidades que foron as sectoriais con unhas demandas claras, concretas, argumentadas e cuantificadas dos fondos que esixían, e polo resultado das dúas primeiras reunións vemos que é bastante máis efectivo que a estratexia levada a cabo pola Consellería de Medio Rural.

De non acadar unha PAC que verdadeiramente chegue aos produtores e a aqueles que xeran emprego no noso mundo rural, estaremos desperdiciando unha ocasión única de dar viabilidade a miles de explotacións, e tamén en certo sentido estaremos deslexitimando socialmente estas axudas.

Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PSdeG-PSOE do Concello de Fene presenta a seguinte:

#### PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación Municipal de Fene acorda solicitar á Xunta de Galicia e ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente que na normativa para a aplicación da Reforma da PAC para o período 2014-2020 no que se refire ás axudas directas aos produtores (1º piar), se recolla:



1. Unha normativa que teña en conta as especiais características das producións galegas, con un déficit histórico de percepción de axudas, e con moi pouca base territorial e poucas hectáreas declaradas. Para o cal se estableza un pago por hectárea que sexa proporcionalmente regresivo, de tal forma que perciban máis axuda as primeiras 30 hectáreas declaradas.
2. Que se precise a definición de agricultor activo a efectos de condicionar os requisitos de acceso ás axudas, de xeito que se garantan a percepción de axudas a ocupados realmente na actividade agraria. Cando menos que a percepción de ingresos de agricultura ou gandería represente o 25% dos ingresos totais.
3. Que se estableza un tope máximo na percepción das axudas da PAC por explotación, que ningunha explotación poida cobrar máis de 150.000 euros.
4. Que se estableza un acoutamento na definición de hectárea admisible con un criterio de corte produtivo real, baseado nas medias estandarizadas de produción.
5. Que os sectores gandeiros, polas especiais características que teñen de moi escasa base territorial, teñan un tratamento singularizado a través das axudas acopladas."

Abre o debate o concelleiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rivera, que procede a dar a benvida ao interventor en acumulación de tarefas. Respecto da moción di que hai pouco a UE reformou a PAC que ten afectado algunhas veces positivamente e outras moi negativamente a este país nos últimos tempos. Esta modificación permite algo que ten que ser unha oportunidade para Galicia que é que, logo de que a UE remate o marco xeral, haxa a potestade para negociar cos Estados membros, neste caso España, para definir como se redistribúe dentro de cada Estado membro os fondos da política agraria europea. Trátase de adaptar os criterios á hora de repartir eses fondos á realidade das explotacións galegas que teñen moi pouco que ver cos grandes latifundios doutras partes do Estado e de Europa que tradicionalmente foron discriminadas. Por iso entenden que este movo marco normativo débese aproveitar para reequilibrar esa desigualdade que viñeron sufrindo os agricultores e gandeiros galegos.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín, que dá a benvida ao interventor en acumulación de tarefas. Respecto da moción di que van apoiar a moción. Aínda que Fene non teña unha base agraria, si que hai que salientar que Galicia perdeu no seu conxunto o 85% do emprego no sector primario, desapareceron 2/3 partes das explotacións do sector agrogandeiro, o 25% da superficie agraria de Galicia está abandonada e a superficie media das explotacións é de 8 hectáreas, un 50% inferior á media do Estado. Galicia ten unhas características e unha situación determinadas, non pola incapacidade de producir, senón por políticas da UE ampliadas polo ministerio e pola consellería dende a entrada de España na UE. As axudas da PAC puxeron de manifesto que os países potentes e desenvolvidos, que tiñan capacidade de produción agraria a potenciaron e, en España, potenciouse só a agricultura de Castela, Extremadura ou Andalucía, así Galicia é agora deficitaria na produción de bens de alimentos do sector primario, no conxunto do que se exporta ao que se importa, cando antes Galicia era excedentaria. As axudas ao PAC tiñan que ter outra distribución, cando menos que compensase o gran déficit que se tivo durante estes anos e o que se fixo é manter o status quo, é dicir, unha situación onde se van seguir perdendo postos de traballo e explotacións e que seguirá mantendo a Galicia como deficitaria na produción de alimentos. Isto só beneficia aos países do norte, Alemania, Francia, Bélxica, Holanda, para que nos vendan o seu leite, o seu cereal e demais. Este é o único deseño que a UE ten para nós, ser meros consumidores e ademais cunhas subvencións. Por todo isto apoiarán á moción.

Seguidamente fai uso da palabra á concelleira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que dá a benvida ao interventor en acumulación de tarefas. Respecto da moción di que a vai apoiar porque Galicia é unha Comunidade autónoma no que o sector gandeiro e agricultor é básico na sociedade. Lamenta que a conselleira do Medio Rural e do Mar non teña a capacidade de chegar a acordos cos representantes destes sectores para presentar unha proposta que repercuta nestes colectivos.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que votarán en contra. Dille ao voceiro do grupo municipal socialista que esta comarca non está afectada pola política agraria e que todo lles vale para encher de contido o Pleno, xa que pouca



o nada de capacidade ten para resolver ao respecto dunha circunstancia tan alonxada. O PP está satisfeito coas negociacións do goberno de España respecto da política agraria aínda que se pode chegar a máis, non obstante, o goberno de Rajoy só leva ao fronte dous anos e isto púidose ter cambiado antes.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rivera, que lle di á voceira do grupo municipal do PP que tamén haberá temas específicos de Fene despois. Di que o seu grupo milita no partido socialista de Galicia e polo tanto, ademais do que pase en Fene, tamén lles preocupan o que pasa no resto do país. O sector agrario e gandeiro son uns das grandes "industrias" e motores de emprego de Galicia e non lle parece un tema menor. O argumento de que Rajoy só leva 2 anos no goberno sae en todos os plenos pero se a voceira do PP se tomase a molestia de ler a primeira liña da exposición de motivos da moción vería que di que entra en vigor unha nova política agraria común, que por primeira vez faculta á capacidade dos estados membros para decidir, internamente, o xeito máis acorde posible coa súa realidade produtiva e social.

**Sometido o asunto a votación é aprobado por maioría absoluta de 11 votos a favor (5 do grupo municipal socialista, 5 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto) e 6 votos en contra do grupo municipal do PP.**

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

**A Corporación Municipal de Fene acorda solicitar á Xunta de Galicia e ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente que na normativa para a aplicación da Reforma da PAC para o período 2014-2020 no que se refire ás axudas directas aos produtores (1º piar), se recolla:**

**1. Unha normativa que teña en conta as especiais características das producións galegas, con un déficit histórico de percepción de axudas, e con moi pouca base territorial e poucas hectáreas declaradas. Para o cal se estableza un pago por hectárea que sexa proporcionalmente regresivo, de tal forma que perciban máis axuda as primeiras 30 hectáreas declaradas.**

**2. Que se precise a definición de agricultor activo a efectos de condicionar os requisitos de acceso ás axudas, de xeito que se garantan a percepción de axudas a ocupados realmente na actividade agraria. Cando menos que a percepción de ingresos de agricultura ou gandería represente o 25% dos ingresos totais.**

**3. Que se estableza un tope máximo na percepción das axudas da PAC por explotación, que ningunha explotación poida cobrar máis de 150.000 euros.**

**4. Que se estableza un acoutamento na definición de hectárea admisible con un criterio de corte produtivo real, baseado nas medias estandarizadas de produción.**

**5. Que os sectores gandeiros, polas especiais características que teñen de moi escasa base territorial, teñan un tratamento singularizado a través das axudas acopladas.**

**6. Aprobación, se procede, da proposta da concellaría delegada de Persoal en relación coa corrección do erro material detectado na RPT definitivamente aprobada en sesión plenaria do 05.12.2013**

Consta no expediente a seguinte proposta da concellaría delegada de Persoal que foi ditaminada favorablemente por 3 votos a favor do grupo municipal do PP e 4 abstencións (2 do grupo municipal socialista, 1 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto municipal) na Comisión Informativa de Persoal, Seguridade, Servicos e Medio Ambiente realizada o 26.02.2014:

"PROPOSTA DA CONCELLARÍA DELEGADA DE PERSOAL

Asunto: Corrección do erro material detectado na RPT definitivamente aprobada en sesión plenaria de 05.12.2013



A relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Fene foi aprobada inicialmente na sesión plenaria do 03.10.2013, posteriormente someteuse a exposición pública por un prazo de 20 días e, unha vez rematado, foi aprobada definitivamente na sesión plenaria do 05.12.2013, detectándose con posterioridade a esta aprobación definitiva un erro material na táboa da RPT resultante.

Así a proposta de organigrama e relación de postos de traballo do Concello de Fene recóllese como anexo na acta do Pleno do 03.10.2013 e logo de ver o punto "IV Parte RPT resultante", no que se recolle un cadro detectouse un erro material no posto con código 02.02.00.01, concretamente na súa columna "Escala/Subescala/Categ.", de xeito que onde di: "A.H (TESOURERÍA)" debe dicir: "H.E (TESOURERÍA)".

Logo de ver o disposto no artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común: "As administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos".

É polo que, propóñolle ao Pleno que adopte o seguinte acordo, previo ditame da Comisión Informativa de Persoal, Seguridade, Servicios e Medio Ambiente:

1. Corrixir o erro material advertido na táboa da RPT incluída no anexo "IV Parte RPT resultante" e aprobada definitivamente polo Pleno o pasado 5.12.2013, de tal xeito que:

No posto con código 02.02.00.01, TESOUREIRO, onde di: "A.H (TESOURERÍA)", debe dicir: "H.E (TESOURERÍA)".

No posto con código 05.01.00.04, PEDAGOGO/A, onde di: "DIPLOMATURA OU GRAO UNIVERSITARIO EN TRABALLO SOCIAL OU EQUIVALENTE", debe dicir: "DIPLOMATURA OU GRAO UNIVERSITARIO EN PEDAGOXÍA OU EQUIVALENTE"

2. Publicar a presente rectificación no BOP.

Fene, 12 de febreiro de 2014  
O concelleiro delegado de Persoal  
Alejandro Dopico Rodríguez"

Abre o debate o concelleiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rivera, que di que se van abster. Abstivéronse na aprobación da RPT por non compartir o seu contido e por respectar o acordo que había cos traballadores. Di que perdeu a conta da corrección de erros que teñen vido a este Pleno e rógalles que corrixan isto, que hai un home ao que se lle pagaron case que 18000 euros que ben pode revisar o documento.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín, que di que se absterán.

Seguidamente a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, anuncia a abstención.

**Sometido o asunto a votación é aprobado por maioría simple de 6 votos a favor do grupo municipal do PP e 11 abstencións (5 do grupo municipal socialista, 5 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto).**

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

**1. Corrixir o erro material advertido na táboa da RPT incluída no anexo "IV Parte RPT resultante" e aprobada definitivamente polo Pleno o pasado 5.12.2013, de tal xeito que:**

**No posto con código 02.02.00.01, TESOUREIRO, onde di: "A.H (TESOURERÍA)", debe dicir: "H.E (TESOURERÍA)".**



**No posto con código 05.01.00.04, PEDAGOGO/A, onde di: "DIPLOMATURA OU GRAO UNIVERSITARIO EN TRABALLO SOCIAL OU EQUIVALENTE", debe dicir: "DIPLOMATURA OU GRAO UNIVERSITARIO EN PEDAGOXÍA OU EQUIVALENTE"**

## **2. Publicar a presente rectificación no BOP.**

### **7. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do BNG sobre a reforma local e provincial**

Consta no expediente a moción que foi ditaminada favorablemente por 4 votos a favor (2 do grupo municipal socialista, 1 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto municipal) e 3 abstencións do grupo municipal do PP na Comisión Informativa de Persoal, Seguridade, Servicios e Medio Ambiente realizada o 26.02.2014:

"Manuel Polo Gundín concelleiro no Concello de Fene presento ao abeiro da lexislación vixente a seguinte;

#### MOCIÓN SOBRE A REFORMA LOCAL E PROVINCIAL

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución de 1978 asumiu o modelo de organización territorial e institucional dos entes locais que fora deseñado desde o primeiro terzo do século XIX. Tanto nas súas orixes como na súa evolución posterior, a organización territorial local responde en gran medida a unha visión fundamente centralista do exercicio do poder, que é incompatíbel cun sistema institucional baseado na descentralización e repartición competencial entre o Estado español e as comunidades autónomas, dotadas con autonomía política e administrativa.

A paulatina consolidación do novo esquema de organización territorial con base nas comunidades autónomas constituídas obviou o debate sobre a utilidade da organización provincial e da Deputación como a súa institución representativa na maior parte do territorio do Estado español, desde a perspectiva da súa función política, da súa racionalidade e eficacia administrativa, así como da súa adecuación á realidade de cada territorio.

O desenvolvemento legal do réxime xurídico local consolidou un modelo provincial practicamente uniforme, que, no caso da Galiza, dificilmente tivo e ten encaixe coas institucións galegas, e mesmo, en moitas ocasións, implicou duplicidades e ineficiencias na actuación administrativa.

A persistencia do modelo provincial, nas actuais circunstancias de restrición de recursos económicos para atender políticas sociais básicas, tamén incide negativamente nunha utilización máis racional dos recursos públicos, pois obriga a manter estruturas burocráticas cuxa acción apenas repercute na cidadanía, á vez que os concellos, como administracións máis próximas e responsábeis á hora de atenderen directamente os servizos básicos locais, afrontan cada vez máis dificultades económicas para sostelos.

A reforma local aprobada recentemente reforza ese modelo centralista e provincialista, asentando as deputacións como apéndice executores das políticas deseñadas desde o Goberno central, xa que no canto de acometer a revisión a fondo do modelo destas institucións provinciais, atribúelles máis competencias, para consolidar unha organización administrativa homoxénea en todo o Estado español. Deste xeito, vólvese a impedir definitivamente que desde Galiza se poida articular, en función da súa realidade territorial, un mapa institucional local galego propio.

A reforma local tamén supón un paso máis á hora de homologar a acción política no eido local e supeditala ao goberno central de quenda, xa que anula a capacidade política dos concellos para implantaren políticas autónomas, ao restrinxirlles capacidade sobre moitos ámbitos de interese local, ao impor modelos de xestión privatizada de servizos locais a través das deputacións. Abocáos, en definitiva, a seren simples prolongacións executoras de políticas planificadas desde o Goberno central, no canto de seren axentes políticos con plena capacidade, e consonte a alternativa política e programática elixida pola veciñanza, nos asuntos de interese local.



Nestes momentos, cómpre oporse á reforma local, pois supón mesmo unha involución da autonomía local que se recollía na Constitución, aínda sendo ese modelo constitucional debedor dun modelo centralista que foi robustecido, pola vía regular na lexislación básica e sectorial, límites cada vez máis exiguos ás políticas propias dos concellos.

Alén diso, é tamén necesario abordar un proceso máis estratéxico, que implique a reforma constitucional do modelo de organización territorial provincial, ao ser a única vía para abordar unha racionalización administrativa coa que obter un aforro estrutural de gasto público con carácter improdutivo. Só desta maneira poderemos dotar de maior financiamento e recursos económicos os concellos, como institucións máis próximas á cidadanía e auténticas entidades representantes do interese local.

A través da presente moción preténdese, por unha banda, evitar a consumación da involución que supón a reforma local aprobada en 2013, dadas as consecuencias inmediatas que vai a ter, e por outra banda, comezar o proceso de reestruturación da organización territorial local, a partir da necesaria superación da actual delimitación provincial e das propias deputacións provinciais. O obxectivo é abandonar así, definitivamente, a herdanza dun modelo de organización territorial decimonónico, para dar paso á adecuación entre a implantación territorial e o seu correlato institucional.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte

#### ACORDO

1. Rexeitar a aprobación da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, e iniciar a tramitación da formalización do conflito de defensa da autonomía local, consonte o disposto nos artigos 75 bis da Lei orgánica do 2/1979, do 3 outubro, do Tribunal Constitucional.

2. Demandar o inicio dun proceso de reforma constitucional sobre o modelo de organización provincial e local do Estado español, con base nos seguintes criterios:

1. As estruturas territoriais básicas do Estado español serán os municipios e as comunidades autónomas.

2. Acometer o proceso de extinción das deputacións provinciais de réxime común, para dar paso a un novo mapa institucional deseñado a partir da realidade territorial de Galiza, baseado na articulación a través de concellos e comarcas."

Abre o debate o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín, que di que xa se presentou unha moción cando era proxecto de lei e agora presentan outra coa lei xa aprobada. Os motivos son iguais que os daquela, entenden que se atenta contra a autonomía local, ataca ás competencias de autonomía, a capacidade dos concellos en xeral e, en particular, ataca o que sería a racionalización da organización administrativa de Galicia e das competencias internas da Comunidade autónoma. Engade que o propio ministerio tivo que sacar un documento de 28 follas explicando a lei porque non se entendía. Esta Lei rompe a Lei de bases do réxime local, o Estatuto público e a Lei de facendas locais, atravesada o espazo lexislativo que era o marco de referencia dos concellos e por iso o BNG pretende que este Pleno se manifeste novamente ao respecto. Parécelles que volver ao Decreto de nova planta coas deputacións provinciais como titores dos concellos de menos de 20000 habitantes, incluso suplantando en cuestións fundamentais aos concellos con menos de 5000 habitantes en servizos básicos, como a recollida do lixo, é unha privatización de servizos.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rivera, que di que xa presentaron varias mocións neste sentido e por iso van votar a favor. É un dos maiores atropelamentos do PP contra a democracia nos últimos tempos, desvirtúa a unhas institucións, como son os concellos, que son a esencia da democracia, no sentido de proximidade dos cidadáns coa Administración, baleirando de contido e deixando sen esencia e sen recursos aos concellos para fortalecer ás deputacións provinciais, que distan moito de seren o paradigma da democracia que algúns creen que debe ter este país, xa que se algo debe pasar é a súa supresión e non o seu fortalecemento. Suporá privatizar aínda máis os servizos municipais e todo aquilo que os concellos non poidan prestar pasarán ás deputacións provinciais, que procederan a privatizar e





externalizar. A administración local precisa de reformas profundas, pero non destas, que se algo se reclama é máis proximidade e non máis distancia entre os cidadáns e a vida política. Por todo isto votarán a favor.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que comparte o contido da moción. Entenden que isto é un xeito máis de fortalecer as deputacións que é onde están colocados todos a dedo, sobre todo polo PP, como é no caso da Deputación de Ourense. Quere facer fincapé en que o PP de Fene non apoie as mocións, que aínda que non afecten a Fene en concreto, si afectan ao conxunto en xeral. Entre outros concellos que aprobaron esta moción, no concello de Chipiona EU solicitou que se declarase a inconstitucionalidade da Lei da reforma da lei local, que incluso foi votada a favor polos concelleiros do PP e isto é algo que vota en falla en Fene, que non se valoren as mocións deste xeito.

A continuación fai uso da palabra a concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Ponte, que di que o PP de Fene sempre se mantivo moi claro e contundente no sentido de que ían ir na liña do que diga a Fegamp e así o manifestaron nas distintas mocións que aquí se presentaron. A Xunta de Galicia está ultimando unha Lei de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor desta Lei de racionalización e sustentabilidade da administración local que achegará á Fegamp, na busca do consenso coas entidades locais de Galicia e na que están representados todos os signos políticos. Este proxecto busca facilitar a aplicación da reforma local, garantir a vixente prestacións dos servizos públicos e evitar estas dúbidas que se están xerando nestes días. Por isto van votar en contra, a expensas do que se decida na Fegamp.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín, que di que lembra que hai pouco máis dun ano a reforma dos concelleiros era clave na reforma local e agora nin se toca. O problema dos concellos é a falla de financiamento e asumir as competencias que non lles corresponden. É un esperpento asumir unha lei que fai romper as outras leis, que sendo malas, regulaban un campo de actuación que todos tiñan claro. Agora atoparémonos con colexios, centros de saúde e demais competencias da Xunta de Galicia que medio están asumindo os concellos mediante convenios que obrigarán a facer o que xa se estaba facendo en áreas como servizos sociais, cultura, deportes ou prevención de incendios. O obxectivo propagandístico foi a redución dos cargos políticos, redución que xa non se fai, o exemplo está en Fene que ten dúas dedicacións exclusivas e ningún persoal de confianza cando a lei permite 5 salarios de ata 55000 euros. Esta reforma entra en colisión con todo o que estaba lexislado ata o momento e mantense entes inútiles con máis competencias e con menos control des veciños e das veciñas.

**Sometido o asunto a votación é aprobado por maioría absoluta de 11 votos a favor (5 do grupo municipal socialista, 5 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto) e 6 votos en contra do grupo municipal do PP.**

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

**1. Rexeitar a aprobación da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, e iniciar a tramitación da formalización do conflito de defensa da autonomía local, consonte o disposto nos artigos 75 bis da Lei orgánica do 2/1979, do 3 outubro, do Tribunal Constitucional.**

**2. Demandar o inicio dun proceso de reforma constitucional sobre o modelo de organización provincial e local do Estado español, con base nos seguintes criterios:**

**1. As estruturas territoriais básicas do Estado español serán os municipios e as comunidades autónomas.**

**2. Acometer o proceso de extinción das deputacións provinciais de réxime común, para dar paso a un novo mapa institucional deseñado a partir da realidade territorial de Galiza, baseado na articulación a través de concellos e comarcas.**

**8. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do PSOE en relación coa retirada da tarxeta sanitaria á cidadanía que permanece fóra de España máis de 90 días**



Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente por 3 votos a favor, (2 do grupo municipal socialista e 1 do grupo mixto municipal) e 3 abstencións do grupo municipal do PP na Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes, Servicios Sociais e Igualdade en sesión ordinaria do 28.02.2014:

“O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, ó abeiro do disposto na lexislación vixente, en relación coa RETIRADA DA TARXETA SANITARIA A CIADADANIA QUE PERMANECE FORA DE ESPAÑA MÁIS DE 90 DÍAS, presenta para o seu debate e votación a seguinte moción ao Pleno do Concello de Fene:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ata a chegada do PP ao Goberno de España, fai pouco máis de dous anos, a Sanidade, era un servizo público de calidade e universal, que atendía a toda a poboación, sen discriminación de renda nin de grupo social.

Un Sistema Nacional de Saúde, construído durante décadas co esforzo do conxunto da cidadanía, que transformou a sanidade nun dereito compartido e nun principio de xustiza e cohesión social, protexido pola Constitución Española, e que dende fai moitos anos deixou de estar vinculado ao feito de cotizar á seguridade social.

Así, no dereito cidadá á saúde, reside a lexitimidade social do financiamento público a través de impostos (IRPF, IVA, impostos especiais) que permite redistribuír a riqueza da sociedade para evitar, que diversas razóns socioeconómicas impidan a atención sanitaria das persoas.

O Sr. Rajoy, que na campaña electoral afirmou que non tocaría a sanidade, está decidido a mudar o modelo sanitario actual, solidario e redistributivo, por un modelo de aseguramento privado, só accesible a quen o poida pagar, convertendo, deste xeito, á sanidade nun nicho de negocio das multinacionais e reducindo cada vez máis o financiamento do sistema público que deixa de ser para todos e todas, e se vai convertendo nun sistema para persoas sen recursos.

O Grupo Municipal Socialista rexeita o rumbo da política sanitaria do PP e o modelo onde nos quere levar, coa súa fórmula ao Lehman Brothers, que trocaría o noso Sistema Nacional de Saúde polo sistema norteamericano, onde máis de 50 millóns de persoas carecen do dereito a atención sanitaria e outras tantas teñen unhas prestacións sanitarias moi limitadas.

Nós, os socialistas, defendemos unha sanidade como a nosa, universal e pública, pois un servizo para pobres será sempre un “pobre servizo” e suporía volver ao modelo de beneficencia con poucas prestacións, escasos medios materiais e humanos e de baixa calidade para a maioría da poboación.

Defendemos tamén a eficiencia e eficacia do actual Sistema de saúde pois representa un custe de 1.400€ por persoa, dúas veces menor que en Francia ou Alemaña e tres veces menor que en EEUU, e non nos resignamos, nin imos estar quedos, vendo como se debilita e como se elimina o dereito á saúde.

Defenderemos con tódolos medios ao noso alcance o que nos pertence a todos e a todas, e o faremos por compromiso cos dereitos do conxunto da cidadanía e por responsabilidade coas vindeiras xeracións.

Por iso queremos denunciar coa máxima contundencia, unha nova e terrible agresión ao dereito á saúde da cidadanía española, sen precedentes polo seu calado e pola súa transcendencia.

O Goberno, acaba de deixar sen tarxeta sanitaria a quen pase tres meses fora, sen cotizar en España. E o fixo pola porta de atrás, a escondidas, sen debate nin publicidade, enganando á cidadanía, e incorporando esta normativa pola vía de emendas á Lei 22/2013 de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2014, que se aprobou no Congreso cos votos favorables do Partido Popular, e que foron publicadas no BOE do pasado 26 de decembro.

Unha delas é a Disposición adicional sesaxésima quinta, do Texto Refundido da “Ley General de la Seguridad Social”, que limita a asistencia sanitaria ás persoas españolas que saian ao estranxeiro durante mais de 90 días e estean en situación de desemprego, que dí: “a efectos del mantenimiento del derecho de las prestaciones de la Seguridad Social, incluído los complementos mínimos [...] se



exigirá la residencia en territorio español”, algo que se perderá automáticamente cando a persoa estea máis de 90 días fora de territorio español ao longo dun ano natural.

Outra é a Disposición final décimo primeira, que modifica a letra d) do apartado 2 do artigo 3 da mal chamada “Ley de cohesión y calidad del Sistema Nacional de Salud”, xa de por si perversa e restritiva do dereito á saúde. Esta Disposición introduce un novo requisito para ter dereito á asistencia sanitaria, o de residir en España.

Así, dende o 1 de xaneiro, e en base a ambas disposicións legais, que vinculan o dereito a atención sanitaria ao feito de residir en España, as persoas de nacionalidade española en situación de desemprego e que teñan esgotado a prestación ou o subsidio por desemprego, que saian de España por tempo superior a 90 días, incluso para buscar traballo ou adquirir formación, perderan este dereito.

Tamén se verán privados de asistencia os cónxuxes e fillos das persoas nesta situación, que non sexan titulares do dereito, senón unicamente beneficiarios.

Esta decisión do Goberno central de excluír da atención sanitaria pública a cidadáns que pasan 90 días fora de España en busca de emprego ou para a súa formación, afectará a decenas de milleiros de emigrantes.

Un cambio normativo inxusto e innecesario, que volve a golpear aos mais febles, pois ao drama de verse obrigados a saír ao estranxeiro na busca de emprego e de estar na incerteza laboral, engádesse o castigo de quedarse ao marxe da asistencia sanitaria gratuíta, cando decidan regresar a España.

Así vemos que o PP incluso se atreve a reducir as prerrogativas de cidadanía e nacionalidade a un grupo importante de poboación, nomeadamente a xente moza, abandonándoos a súa sorte e expulsándoos do país, sen ningunha contemplación, desprezando o que é o principal recurso dun Estado, que é a súa poboación.

Esta decisión está sendo criticada tamén, polas organizacións mozas, que denuncian a actitude ruín do Goberno, cualificando a medida como discriminatoria dada a elevada cifra de desemprego xuvenil, e sinalan que o Sr. Rajoy non só permanece impasible ante o desemprego da xente moza, senón que ataca brutalmente os que buscan alternativas.

Con esta nova medida, os mozos e mozas emigrantes que regresen a España atoparanse cunha situación de profundo desamparo, véndose privados dun dereito fundamental como é o da sanidade.

Creemos necesario lembrarlle ao Sr. Rajoy que a mocidade non está a emigrar por ese impulso aventureiro ao que facía referencia a Secretaria Xeral de Inmigración e Emigración, senón porque o goberno non lles ofrece alternativas para desenvolver unha vida digna aquí. Agora, o seu futuro complicarase aínda máis despois da súa exclusión do sistema sanitario.

Por tanto, estase a condenar aos nosos mozos e mozas ao exilio, desprezando á xeración mellor preparada da historia do noso país.

Os Gobernos Autonómicos de Andalucía e Asturias, conscientes da gravidade do problema xa adoptaron medidas a fin de evitar os efectos perniciosos que sobre os nosos mozos e mozas, e persoas desempregadas teñen as citadas normas do Goberno do Partido Popular.

Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PSdeG-PSOE do Concello de Fene presenta a seguinte:

#### PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación Municipal de Fene acorda:

1. Instar ao Goberno de España e á Xunta de Galicia a que derroque as disposicións legais que impidan a recuperación da prestación de servizos sanitarios ás persoas españolas emigrantes no estranxeiro, como consecuencia de permanecer fóra de España máis de noventa días na busca de emprego ou de formación.



2. Que en tanto no sexan derogadas polo Goberno de España as disposicións referidas, o Goberno da Xunta de Galicia non proceda a retirar dita tarxeta sanitaria.

3. Instar aos Gobernos de España e da Xunta de Galicia ao recoñecemento da universalidade do acceso a atención sanitaria pública e gratuíta.”

Abre o debate o voceiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rivera, que di que esta moción denuncia unha das violacións do PP contra a asistencia sanitaria gratuíta e universal. Hai 2 meses, sen anunciálo e pola porta de atrás, no contexto do debate dos orzamentos do Estado, presentou unha emenda na que se propón deixar sen asistencia sanitaria ás persoas que nun ano natural vivan máis de 90 días fóra de España. Esta medida non ten sentido ningún, non se vai producir un aforro inmediato, afecta na súa maioría a persoas novas que na súa maior parte non supoñen un gran custe ao servizo, persoas que son profesionais que se dedican a viaxar fóra de España para atopar traballo. Implica tamén que o dereito a ter unha tarxeta sanitaria europea para ter servizos sanitarios no estranxeiro tamén se elimina e se non se é funcionario só se ten dereito a 90 días de asistencia sanitaria. Deste xeito os estudantes que pasen máis de 90 días no estranxeiro terán que acudir a contratos privados. Todo redúcese ao mesmo, a privatizar a sanidade e a ir pouco a pouco limando o dereito á asistencia sanitaria gratuíta e de calidade e ir desmantelando a sanidade pública derivando á xente aos centros privados. A proba é a publicidade, hoxe cada 3 anuncios hai un de seguros sanitarios privados e isto é porque hai negocio, porque se desmantela a sanidade pública e os cidadáns buscan saídas a isto. Isto pasa a pesar de que o sr. Rajoy, cando quería ser presidente dixo que nunca ía tocar á sanidade.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín, que di que van apoiar á moción polos motivos expostos. Hai moitos veciños de Fene que teñen que saír fóra, non por vacacións nin para facer postgrados, senón para traballar. Hai países como Suíza que ten unhas limitacións moi grandes en materia de estranxeiría, inmigración e coas tarxetas sanitarias, que supoñen un problema. Así os estudantes que fagan estudos no estranxeiro á volta por vacacións de semana santa ou doutro tipo estarán en España sen cobertura sanitaria.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que apoiará á moción. Cando o PP chegou ao goberno posicionouse como o partido dos traballadores e vese que é o partido que máis afoga aos traballadores. Non só non hai traballo nin previsión de obtelo, senón que moitas persoas teñen que saír fóra a buscalo e se é o caso de que teñan que volver, en moitos caos sen traballo, ademais terán a desgraza de atoparse sen asistencia sanitaria, tanto deles como das persoas que teñan a cargo. Anuncia que votará a favor porque isto é outro despropósito do goberno de Rajoy.

A continuación fai uso da palabra a concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Ponte, que di que vai votar en contra. Non son verdade os argumentos expostos para defender esta alarma social creada. É certo que houbo unha modificación e unha limitación na prestación. Os españois e os residentes legais no noso país terán sempre asistencia sanitaria mentres residan no país e se marchan, cando volvan, a terán dende o primeiro día. Os traballadores que estean fóra de España terán que ter a cobertura sanitaria do país no que estean, se é en Europa, terán que ter a tarxeta sanitaria europea. Non é certo que haxa que ser funcionario para obter unha tarxeta sanitaria europea, incluso a obterán as persoas que estean en risco de exclusión social. Cando un rapaz estude ou traballe fóra e estea de vacacións en España, porque se vén para residir o recuperaríase dende o primeiro día, estaría cuberto pola tarxeta europea emitida en Alemaña. Esta medida o que busca é solucionar o feito de que moitos estranxeiros que traballaban aquí volveron aos seus países de orixe e seguían utilizando a tarxeta sanitaria española, que é o que se pretende evitar. Búscase que os nosos residentes, nacionais ou estranxeiros teñan á máxima cobertura e todas as coberturas sen ningún tipo de recorte. Esta medida adóptase no marco dos regulamentos europeos no ámbito da seguridade social, aprobados nos anos 2004 e 2009, e que agora estanse a instaurar en España. Naquelas datas o Sr. Rajoy non estaba no goberno de España. O PP de Fene, por exemplo, nunca se pronunciou, nin a favor nin en contra das deputacións, pero vostedes que teñen unha gran memoria histórica e acordanse do que pasou hai 30 ou 40 anos esquecen o que pasou hai pouco nas eleccións do ano 2007, cando o PSOE asumiu as deputacións.

A continuación fai uso da palabra o alcalde que pide que se centren na moción.



Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rivera, que di que semella que o PP quere que lles deixen gobernar as deputacións provinciais ata cando non as poden gobernar. Mentres exista unha administración gobernada só cabe aspirar a reformala ou suprimila, así aspiran á supresión das deputacións ou á reforma do Senado e non por iso van dicirle aos senadores socialistas que non senten alí.

A continuación fai uso da palabra o alcalde que di que todos tiveron tempo, máis o PSOE que o PP que gobernou máis tempo, pero agora non se trata de quen máis ou quen menos. Pide que se centren na moción que se está a debater.

Prosegue dicindo o voceiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rivera, que os argumentos que lles achegan do partido non os sabe pero di que o que dixo é verdade, experimentouno el mesmo, se un vai á Seguridade Social da praza de España a solicitar a tarxeta sanitaria europea dinlle que é por 90 días máximo para os casos de traballadores con contrato temporal, pero se é un funcionario non hai problema. Estanse expedindo certificados que teñen unha vixencia máxima de 90 días por ano e cando se precise asistencia sanitaria máis de 3 meses fóra de España, dentro da UE, hai que asinar un seguro de sanidade privada. Dille á voceira do grupo municipal do PP respecto dos abusos que á maioría dos expulsados son cidadáns, na súa maior parte mozos que non teñen traballo que teñen que marchar a buscalo e que o seu país de procedencia non lles recoñece asistencia sanitaria e o país de destino tampouco se non consegue un traballo, quedan sen seguro. Isto é o que está pasando e é absolutamente intolerable.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín, que di que lle preocupa os argumentos do PP que veu dicir que os estranxeiros que traballaron aquí, que tiñan cartilla da Seguridade Social e que marcharon, volven cando enferman.

A continuación fai uso da palabra a concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que o exemplo pode ser un estranxeiro que traballa en España e que volve a Alemaña con cobertura sanitaria logo de que se lle acabara a prestación.

De seguido intervén o alcalde que di que todo o mundo coñece o que é o turismo sanitario da Costa do Sol, por exemplo.

**Sometido o asunto a votación é aprobado por maioría absoluta de 11 votos a favor (5 do grupo municipal socialista, 5 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto) e 6 votos en contra do grupo municipal do PP.**

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

**1. Instar ao Goberno de España e á Xunta de Galicia a que derroque as disposicións legais que impidan a recuperación da prestación de servizos sanitarios ás persoas españolas emigrantes no estranxeiro, como consecuencia de permanecer fóra de España máis de noventa días na busca de emprego ou de formación.**

**2. Que en tanto no sexan derogadas polo Goberno de España as disposicións referidas, o Goberno da Xunta de Galicia non proceda a retirar dita tarxeta sanitaria.**

**3. Instar aos Gobernos de España e da Xunta de Galicia ao recoñecemento da universalidade do acceso a atención sanitaria pública e gratuíta.**

**9. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do BNG en relación cun 8 de marzo pola derogación das leis contra as mulleres**

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente por 1 voto a favor do grupo mixto municipal e 5 abstencións (3 do grupo municipal do PP e 2 do grupo municipal socialista) na Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes, Servizos Sociais e Igualdade en sesión ordinaria do 28.02.2014:

“Manuel Polo Gundín, concelleiro do BNG no Concello presento ao abeiro da lexislación vixente a seguinte:



## MOCIÓN DUN 8 DE MARZO POLA DERROGACIÓN DAS LEIS CONTRA AS MULLERES

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A 8 de marzo non pode converterse nunha data de celebracións rituais e hipócritas, baleiras de contidos, en papeis mollados e fotos para a galería. O 8 de marzo, agora máis que nunca, é unha data en que tamén as institucións deben mostrar con clareza o seu compromiso co avance no recoñecemento dos dereitos das mulleres e de denuncia da involución que se está a producir en todos os ámbitos. É, pois, unha data importante para facer balance dos logros realizados polas mulleres para conseguiren a igualdade plena.

A crise económica e os veloces cambios financeiros colleu ás mulleres consolidando precariamente a súa entrada no mercado laboral. Ao mesmo tempo que as mulleres loitaban polo recoñecemento nas institucións e se proclamaban leis de igualdade, aínda que nunca se esquecían que as tarefas do coidado seguían nas súas mans. Cansas da tripla xornada viron como a cadea de coidado se desprazaba ás mulleres dos países pobres que, poñéndolle rostro feminino á inmigración, viñan facerse cargo de nenos/as e vellos/as. Nos seus países de orixe ficaban as súas nais coidando dos seus fillos e agardando os cartos para alimentaren toda a familia extensa.

Os discursos neoliberais actuais necesitan inocular un valor patriarcal como é o da ficticia protección da maternidade. Non o dereito a maternidade das mulleres nunha sociedade igualitaria, senón a protección da xestación dun ser carente de dereitos e, por tanto, necesitado de titorización. Esta ideoloxía acha un caldo de cultivo ideal nunha situación de desemprego xeneralizado. Os valores tradicionais da familia patriarcal están agochados nunha boa parte da sociedade e só cómpre sacalos a flote. A linguaxe do traballo escaso e a necesidade de que as mulleres continúen a facer as tarefas de coidado nun momento de recortes dos servizos públicos están presentes continuamente.

Esta incorporación das mulleres ao mercado laboral conseguiu, aínda que de forma precaria, unha autonomía persoal importante para estas. Non obstante, o traballo remunerado das mulleres tamén iluminou unha esfera opaca da vida, a referida ao coidado. O problema da conciliación da vida laboral e familiar entrou na axenda pública e só tivo unha abordaxe satisfactoria naqueles países que apostaron polos servizos públicos e a corresponsabilidade cos homes.

O goberno galego con Sr. Feijóo á cabeza decidiu eliminar a corresponsabilidade do seu ámbito de actuación, reducir os orzamentos en políticas de conciliación e adoptar medidas falsamente natalistas, como a aprobación da Lei de apoio á Familia e a Lei de apoio a muller embarazada.

Estas leis non avanza no recoñecemento dos dereitos das mulleres nin no fomento da corresponsabilidade. Como tampouco o fixeron o Plan de apoio á muller embarazada 2012-2014 desenvolvido pola secretaria xeral de Igualdade ou o Plan de demografía de Galiza desenvolvido pola Consellaría de Traballo e Benestar. Pola contra, significan un retroceso nas políticas de igualdade dos últimos anos e un paso atrás importante na escasa concienciación sobre o usos dos tempos acadada até este momento. De feito, como exemplo deste marco ideolóxico contrario aos dereitos das mulleres podemos sinalar a publicación da Guía de recursos, apoio e asistencia á maternidade por parte da Secretaría xeral de Igualdade. En primeiro lugar, sorprende que este tipo de publicacións procuren o seu espazo nunha Secretaría de Igualdade -que debería velar pola transversalidade de xénero-. En segundo lugar, omitir a paternidade é un claro sesgo ideolóxico do sexismo da normativa en materia de xestación que este goberno mantén, sostendo a idea de que os fillos e fillas son unha cuestión feminina. En terceiro lugar, a guía recolle as entidades sen ánimo de lucro con programas de apoio as mulleres xestantes de Galiza. En concreto 16 programas dos cales 11 son xestionados por ordes relixiosas e/ou grupos contrarios ao dereito ao aborto entre os que destacan Congregación Hijas del Divino Cielo, Congregación relixiosa Siervas de la Pasión-Hogar Santa Isabel, Betanía de Jesús Nazareno, HH.TT.FF. Rebaño de María, Red Madre Pontevedra, Red Madre Ourense, Red Madre Coruña, Cáritas Diocesana ou Asociación de axuda á vida AYUVI. Estas entidades contrarias aos dereitos en igualdade das mulleres foron e son potenciadas desde o goberno de Feijóo baixo o discurso de apoio á maternidade ao mesmo tempo que se fan máis restritivos os requisitos da prestación económica de pagamento único por fillas e fillos menores de tres anos para o ano 2013, que se instaura o repago dos comedores escolares, que se limita o horario das escolas infantís públicas, que se amortizan as prazas de matrona, que non se substitúen os/as pediatras, que se elimina a gratuidade dos libros de texto...

C.I.F.: P-1503600-G



Como podemos comprobar tantos as leis antes enunciadas como os plans e accións que emanaron destas eran un adianto da ideoloxía que o PP plasmaría posteriormente no Anteproxecto de lei orgánica para a protección da vida do concibido e dos dereitos da muller embarazada que realmente o que fai é penalizar as mulleres que exerzan o seu dereito á interrupción voluntaria do embarazo.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte

#### ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a

1. Derrogar os seguintes textos legislativos por non dotaren de servizos nin recursos as mulleres que queren exercer o seu dereito á maternidade e por suporen un retroceso de décadas na igualdade.

- Lei de apoio a muller embarazada.
- Lei de apoio á familia e a convivencia de Galicia

2. Mostrar o seu total rexeitamento co Anteproxecto de lei orgánica para a protección da vida do concibido e dos dereitos da muller embarazada e dar traslado deste ao goberno do Estado exixindo a súa total retirada.”

Abre o debate o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín, que di que presentan esta moción porque o 8 de marzo é o vindeiro sábado, non por ter nada en contra das declaracións institucionais que se veñen facendo neste concello de xeito consensuado, igual que hoxe, senón porque o 8 de marzo non pode converterse no que se di na propia moción. Non poden dicir en Fene que apoian medidas que apoiem claramente a igualdade e ao mesmo tempo vivamos cun marco legislativo que vai radicalmente en contra das mulleres.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rivera, que di que votarán a favor da moción. Están a favor das declaracións consensuadas, pensa que é un bo sinal que o Pleno sexa quen de poder consensuar unha declaración que una a todos os grupos nun tema tan sensible coma este pero tamén é certo que cada grupo ten a súa ideoloxía, os seus criterios e xeitos de ver as cousas. Baixo o seu punto de vista está moi ben poder facer esta declaración conxunta pero nos últimos tempos este país ten asistido a unha agresión administrativa importante contra as mulleres, en cuestións de igualdade, baleiramento de recursos da Lei da violencia de xénero, das campañas de sensibilización, etc. As políticas de verdade contra a desigualdade das mulleres se ven no BOE día a día e as políticas do PP dificultan o acceso da muller ao mundo laboral, supoñen interceder gravisamente o dereitos das mulleres a interromper o embarazo e, en definitiva, aquelas que converte as mulleres en cidadáns de segunda categoría.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que van apoiar a moción polo exposto. Chámalle a atención que os programas que o presidente da Xunta ten para as mulleres, de 16 11 son ordes relixiosas, cando se supón que vivimos nun Estado laico. Concretamente chámalle a atención o nome da asociación chamada o Rebaño de María, pois o que pretenden é que as persoas se convertan nun rebaño e iso é unha volta ao pasado, pretender que as mulleres se convertan en seres subordinados. Respecto do manifesto, aínda que nun principio manifestouse a favor do manifesto conxunto di que recibiu un correo electrónico da posición que vai tomar EU respecto dos manifestos conxuntos que di que non participará en ningún acto institucional sobre a muller ou a igualdade mentres que o PP manteña a súa posición sobre o aborto, pero si estará xunto as organizacións que loitan contra a liberalización social e de xénero. En todo caso di que votará a favor da moción e lamenta que en pleno século XXI se siga loitando para acadar unha verdadeira igualdade de xénero.

A continuación fai uso da palabra a concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que nestas datas todos os voceiros manifestan as súas opinións que máis ou menos camiñan na mesma liña, pensando en buscar a igualdade de xénero. Dille ao voceiro do BNG que hai unha serie de ideas que se repiten respecto do estancamento, que non se pode quedar estas reclamacións en papel mollado e demais. Pensa que todos están de acordo niso pero ao mellor o que falla son os conceptos aos que hai que chegar para chegar a esa igualdade, así o BNG ten eses



conceptos claros, o PP ten outros e o PSOE, que pode ser que se asemelle máis aos seus, pode ter outros. A moción pide a anulación de dúas leis que, para o BNG, van en contra das mulleres. Comparte a frase da moción que di que os fillos e as fillas non son só cousa das mulleres, son dos homes e das mulleres, pero terán que recoñecer que a xestación é unha cousa das mulleres. Di que pode entender que o voceiro do BNG pense que a Lei de apoio á muller embarazada poida ir en contra dalgún dereito da muller e tamén porque exclúe ao sexo masculino nesta normativa. Respecto das entidades sen ánimo de lucro xestionadas por ordes relixiosas di que debido á situación que se está a vivir nesta época estase intentando desviar a estas asociacións porque realmente son as máis rápidas e áxiles á hora de axudar as persoas que o necesitan, así pasa tamén en Fene, incluso no Pleno anterior falouse de facer un convenio cunha destas asociacións. Di que non consideran que haxa que derogar esta lexislación en base ao argumentario desta moción. Reitera que a igualdade de traballo, de oportunidades, salarios o tema da conciliación é o principal, que unha muller poida saír á rúa en igualdade que os homes.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín, que di pregunta se se saben os días que corresponden por paternidade, pois non fai tanto eran 3 días, o que non daba para conciliar a vida familiar. ¿Como se pode falar dun marco lexislativo horroroso que avanzou mimimamente en igualdade e logo vir a facer leis que dan pasos atrás dos avances conseguidos?. Esta normativa destrúe sistemas elementais en todo o sistema de protección social, educativo, sanitario, etc, no ámbito familiar supón que a muller teña que traballar máis, xa o facía antes e o vai ter que seguir facendo porque non existe dita igualdade entre homes e mulleres e tampouco existen recursos para esa conciliación familiar e laboral. Está moi ben facer declaracións institucionais pero cando se pode lexislar para avanzar en temas como a conciliación non poden aceptar leis que fan retrocesos neste sentido. En relación coas entidades relixiosas di que non deben substituír aos servizos sociais e demais servizos públicos que son os que deben prestar estes servizos de igualdade.

**Sometido o asunto a votación é aprobado por maioría absoluta de 11 votos a favor (5 do grupo municipal socialista, 5 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto) e 6 votos en contra do grupo municipal do PP.**

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

#### **Instar á Xunta de Galiza a**

**1. Derrogar os seguintes textos lexislativos por non dotaren de servizos nin recursos as mulleres que queren exercer o seu dereito á maternidade e por suporen un retroceso de décadas na igualdade.**

- Lei de apoio a muller embarazada.

- Lei de apoio á familia e a convivencia de Galicia

**2. Mostrar o seu total rexeitamento co Anteproxecto de lei orgánica para a protección da vida do concibido e dos dereitos da muller embarazada e dar traslado deste ao goberno do Estado esixindo a súa total retirada.**

#### **10. Mocións urxentes**

##### **10.1 Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do PSOE en relación co grave deterioro do pavimento da rúa da Fraga**

Por unanimidade dos presentes apróbase a urxencia e incorporación á orde do día da seguinte moción á que o voceiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rivera, dá lectura:

“O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, ó abeiro do disposto na lexislación vixente, en relación co GRAVE DETERIORO DO PAVIMENTO DA RÚA DA FRAGA, presenta para o seu debate e votación a seguinte moción ao Pleno do Concello de Fene:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS





Hai tan só uns tres meses que a Deputación Provincial da Coruña aglomerou de novo toda a céntrica rúa da Fraga, o vial que, pasando polas inmediacións da Casa do Concello, conecta a avenida Marqués de Figueroa (Perlío) coa avenida Naturais de Fene. Sen embargo, hai semanas que o novo pavimento se está despegando, enchendo de fochancas a rúa, que fan que hoxe estea xa máis intransitable do que estaba antes co vello asfalto.

A situación esixe que se actúe de xeito inmediato para solucionar o que é un claro despilfarro e unha das maiores chapuzas que se teñen visto nunha rúa do Concello. A solución non é outra que retirar o novo asfalto e volver a aglomerar toda a rúa, xa que cada día que pasa aparece unha nova zona na que se levanta o pavimento. É evidente que algo non se fixo ben. Non pode ser que un asfaltado que debería aguantar ata 10 anos en perfectas condicións se levante aos 15 días de ser botado.

É comprensible que na execución das obras poda haber erros, pero o intolerable é que a Administración nestes casos, en lugar de esixir a corrección deses erros, mire para outro lado e despilfarrar os cartos de todos. A solución anunciada polo Alcalde de Fene no último pleno, no que ante as preguntas do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE sobre esta obra, Gumersindo Galego afirmou que non se ía volver a asfaltar a rúa, senón que simplemente se repoñería o pavimento despegado en dúas zonas, no cruce do Xulgado de Paz e nas inmediacións da oficina de Correos, é inaceptable.

As pegas a esta "solución" son fundamentalmente dúas. Por unha banda, é inadmisíbel que un asfaltado que foi contratado como completo sexa entregado xa con remendos e con cortes no pavimento, posto que nin as condicións de circulación nin as de mantemento son as mesmas, deteriorábase antes. E por outra banda, o problema non afecta só a esas dúas zonas, que foron as primeiras en levantarse, senón que é un problema que afecta a toda a estrada. A mellor proba disto é que nos últimos días apareceron xa novas fochancas no cruce coa avenida Marqués de Figueroa e en diversos puntos intermedios da vía.

O problema sempre é o mesmo, despégase o novo asfalto e deixa á vista o vello. É dicir, parece evidente que o que hai é un problema de adherencia entre o novo aglomerado e o antigo, que quedou por debaixo, algo que acontece habitualmente cando o asfalto se bota a unha temperatura inferior á indicada. Por iso, a única solución real é retirar completamente este novo aglomerado e botalo de novo.

Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PSdeG-PSOE do Concello de Fene presenta a seguinte:

#### PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación Municipal de Fene acorda:

1. Oporse a un rebacheo ou amaño parcial da rúa da Fraga (DP-1503) por entender que a obra debe ser entregada nos termos nos que foi contratada e pola evidente diferenza de calidade e durabilidade entre un aglomerado continuo e outro con cortes.
2. Esixirle á Deputación Provincial da Coruña que se retire mediante unha operación de fresado todo o novo aglomerado desta rúa e que se asfalte de novo cun aglomerado continuo entre a Avenida Marqués de Figueroa (AC-133) e a Avenida Naturais de Fene (N-651).
3. Darlle traslado do presente acordo a todos os grupos políticos con representación no Pleno da Deputación Provincial da Coruña."

Abre o debate o voceiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rivera, que di que no último pleno preguntaron que pasou co pavimento da rúa da Fraga e rogaron que se tomasen medidas ao respecto, xa que á semana de rematar o asfaltado no cruce coa avenida Naturais xa estaba levantado e logo apareceron fochancas á altura de correos e en máis lugares. O problema vai a peor porque o deterioro van aparecendo por aquelas zonas nas que hai máis tránsito, nas veiras das rúas ou nas curvas máis pronunciadas. Semella que todo o asfalto se vai levantando e como non se retire todo o asfaltado pensa que non vai haber solución posible. No último pleno preguntaron por isto e o alcalde contestoulles que a Deputación pretendía arranxar os dous puntos que había daquela en mal estado, na Porta do Sol e na zona do ferrocarril. Agora vese que esta non é a solución, porque a



estrada deteríorase día a día e se así o fose, non semella que a obra poida ser entregada a cachos, con cortes e rebacheos, o que supón un maior custe para a Administración. Por todo isto presentan esta moción.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín, que di que votarán a favor da moción. Xa pediron no anterior Pleno que se fixese a xestión na Deputación para que, logo do seu arranxo, a estrada pase a ser municipal, xa que é unha vía urbana. Ademais a inseguridade viaria que xeran para os vehículos de dúas rodas os 4 ou 5 cruces que hai e as curvas é moi perigoso debido á gravilla solta, xa que as fochancas, polo menos, pódense intuír, por iso, mentres non se arranxa, habería que pedirlle á empresa que limpe a estrada e retire a gravilla solta.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que coincide co dito. Non é de recibo que unha obra feita hai tan pouco tempo se parchee senón que se debe facer novamente.

A continuación fai uso da palabra a concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Ponte, que di que votarán a favor da moción. Tanto o concelleiro de Obras como o de Servizos xa deron conta deste problema nas últimas comisións informativas vendo xa a preocupación do estado da rúa da Fraga. O goberno xa lle fixo chegar á Deputación o estado no que se atopa a estrada e os servizos técnicos da Deputación son os que se terán que pronunciar para atopar a solución para arranxar a estrada, sen prexuízo de que o goberno xa solicitou un novo aglomerado á Deputación.

**Sometido o asunto a votación é aprobado unanimidade dos membros presentes.**

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

**1. Oponse a un rebacheo ou amaño parcial da rúa da Fraga (DP-1503) por entender que a obra debe ser entregada nos termos nos que foi contratada e pola evidente diferenza de calidade e durabilidade entre un aglomerado continuo e outro con cortes.**

**2. Esixirle á Deputación Provincial da Coruña que se retire mediante unha operación de fresado todo o novo aglomerado desta rúa e que se asfalte de novo cun aglomerado continuo entre a Avenida Marqués de Figueroa (AC-133) e a Avenida Naturais de Fene (N-651).**

**3. Darlle traslado do presente acordo a todos os grupos políticos con representación no Pleno da Deputación Provincial da Coruña.**

### **10.2 Aprobación, se procede, do expediente de crédito extraordinario núm. 1/2014**

A continuación fai uso da palabra o concelleiro de Facenda, Juan José Franco Casal, que xustifica a urxencia coa necesidade de facer esas tres actuacións que se citan na proposta.

Por unanimidade dos presentes apróbase a urxencia e incorporación á orde do día do expediente de crédito extraordinario núm. 1/2014.

Consta no expediente a memoria xustificativa, que copiada di:

“MEMORIA XUSTIFICATIVA DA CONCESION DE CREDITO EXTRAORDINARIO

En cumprimento do preceptuado no artigo 37.2 del Real Decreto 500/90 de 20 de Abril, a Presidencia da Corporación eleva a coñecemento do Concello Pleno a seguinte memoria explicativa.

Necesidade do Crédito extraordinario

A necesidade de conceder un crédito extraordinario dentro do orzamento deste Concello para 2.012, prorrogado ó 2014, xustifícase nas razóns que se expoñen na providencia de inicio de expediente.

Tendo en conta que o orzamento do exercicio 2012, prorrogado ó 2014 non contén créditos dispoñibles para a asunción destes gastos.

A imposibilidade de demora-lo gasto a exercicios futuros está xustificada nas razóns expostas na providencia de inicio do expediente.

**Carácter do gasto proposto**

O gasto proposto ten carácter específico e determinado por canto atende a fins concretos, que son os de creación dunhas novas partidas con dotación orzamentaria inicialmente non prevista no Orzamento para 2012, prorrogado e así poder facer fronte ós gastos previstos para execución das obras incluídas na providencia da Alcaldía.

**Clase de modificación que se propón e aplicacións orzamentarias ás que afecta**

Dado que no Orzamento para o exercicio 2012, prorrogado non existen previsións para acomete-los gastos cuxa cobertura se pretende, estaríamos ante una modificación orzamentaria baixo a modalidade de créditos extraordinarios.

A vista do anterior, a Alcaldía propón que se tramite expediente de concesión de créditos extraordinarios conforme ó previsto no artigo 177 do RDL2/2004 e artigo 35 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril. Este tipo de modificación é o que, en principio e a salvo do informe de Intervención ó respecto, se considera máis adecuado.

As aplicacións orzamentarias afectadas polo expediente, son as seguintes:

Aplicación orzamentarias que se crean mediante o crédito extraordinario:

| Aplicación orzamentaria | Descrición  | Importe (€) |
|-------------------------|---|-------------|
| 151/61900               | Urbanismo, outros investimentos en reposición: Execución de obras na Praza do Ameneiral.  | 15525,97    |
| 342/63203               | Instalacións Deportivas, edificios e outras construcións: Instalación de electricidade de baixa tensión no Campo de Fútbol dos Pinares. | 49821,74    |
| 342/63203               | Instalacións Deportivas, edificios e outras construcións: Reforma de sala de máquinas e cambio de caldeiras na piscina municipal.       | 48920,89    |

O importe total da modificación proposta ascende á cantidade de 114.268,60 euros.

**Medios de financiación do gasto**

Proponse que a financiación se realice con cargo a baixas por anulación de créditos.

| Aplicación Orzamentaria |   | Cosignación anterior | Disminución      | Crédito definitivo |
|-------------------------|---|----------------------|------------------|--------------------|
| Código                  | Denominación  |                      |                  |                    |
| 011/31007               | Débeda pública, xuros préstamo ICO  | 25500,00             | 20000,00         | 5500,00            |
| 011/91307               | Débeda pública, BCL 2000 refinanciados  | 82000,00             | 25000,00         | 57000,00           |
| 011/91312               | Débeda pública, Amortización préstamo ICO   | 122507,00            | 45000,00         | 77507,00           |
| 161/d9/63300            | Saneamento e abastecemento auga: Aportación municipal rede abastecemento auga R/Alta e A Torre (PCC 2011) | 45500,00             | 24268,60         | 21231,40           |
| <b>Total</b>            |   |                      | <b>114268,60</b> |                    |

O importe total da modificación proposta ascende a 114.268,60 euros

Fene, 3 de marzo de 2014

O alcalde,

Asdo. Gumersiondo P. Galego Feal"



Consta no expediente o informe de intervención que copiado di:

“INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: EXPEDIENTE DE CREDITOS EXTRAORDINARIOS Nº 01/2014.

Emítase o presente informe en cumprimento do exixido polos artigos 177.2 del Texto Refundido de la Lei RFL e 37.3 do RD 500/1990.

Normativa aplicable

Lei Reguladora das Bases del Réximen Local.  
Texto Refundido 2/2004 da Lei Reguladora das Facendas Locales.  
Real Decreto 500/1990 que aproba el Regulamento Presupostario.  
Bases de execución do Orzamento municipal para o exercicio 2012, prorrogado.

Consideracións

1. A pretensión da Alcaldía de tramitar expediente de créditos extraordinarios considérase procedente, toda vez que a causa invocada é congruente co previsto no artigo 177.1 de la Ley de Haciendas Locales e artigo 35 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril.

2. O Alcalde é órgano competente para ordenar a incoación do expediente, por así telo previsto o artigo 177.1 da Lei de Facendas Locales e artigo 37 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril.

3. A documentación existente no expediente é a ordenada no artigo 37, puntos 1 e 2 do referido Real Decreto.

4. Acompañanse ó expediente os certificados e informes de Intervención acreditativos da inexistencia de crédito, co que se cumpre co preceptuado no artículo 37.2 letra b.

5. Na Memoria de Alcaldía motivase o carácter específico e concreto dos gastos e afirmase a imposibilidade de demora-los a exercicios futuros .

6. Proponse que o crédito extraordinario se financie con baixas por anulación de créditos, de conformidade co previsto no artigo 36.1 c) do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril.  
O artigo 36.1 c) permite financiar expedientes de crédito extraordinario e suplemento de crédito con baixas doutras partidas do orzamento que non se atopen comprometidas e cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servico. Todo elo, previo estudo das necesidades, de carácter inaprazable, que neste momento ten a corporación.

7. O artigo 37.1 do R.D. 500/1990 indica que os expedientes de suplemento ou crédito extraordinario incoaranse por orden de Alcaldía, pero que a súa tramitación ou incoación efectiva corresponderá ás diferentes unidades administrativas que teñan ó seu cargo a xestión dos créditos ou sexan responsables dos correspondentes programas. A este respecto, manifestar que, como é habitual no Concello, dita incoación (Memoria xustificativa e demais documentación) foi elaborada polos servicos de Intervención e subscrita polo Alcalde, ante a escasa implicación na xestión orzamentaria e na tramitación de expedientes por parte dos diferentes centros ou departamentos administrativos deste Concello.

O Real Decreto citado e o propio RDL2/2004, de 5 de marzo únicamente encomendan á Alcaldía a orde de iniciación ou de incoación do expediente e á Intervención a emisión do preceptivo informe e das certificaciones que procedan sobre a situación orzamentaria das diferentes partidas, sin encargar nin a un nin a outro órgano a incoación ou elaboración material do expediente.

Procedemento

Para aprobar un expediente de habilitación de crédito a través do procedemento excepcional do Artigo 177.6 TRLRFL, substanciaranse os trámites seguintes:

a.-Ordeación da incoación do mesmo polo Sr. Alcalde.

C.I.F.: P-1503600-G

- b.-Unha vez formado o expediente, coa documentación e informes precisos, requirese dictame preceptivo e non vinculante da Comisión de Facenda.-art 126.1 Reglamento de Organización, Funcionamiento y Regimen Jurídico de las Entidades Locales.
- c.-Aprobación inicial polo Pleno conforme ó previsto no artigo 177.2 do RDL2/2004 e 37.3 do R.D.500/90 de 20 de Abril. O acordó será inmediatamente executivo e a partir dese momento poderá aplicarse o gasto ó orzamento, sen perxuízo dos trámites posteriores.
- d.-Exposición publica por quince días hábiles, con anuncio no Taboleiro de Edictos e mo BOP (Artículo 169.1 do RDL2/2004 e artigo 20 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril, por remisión do artigo 177.2 do RDL2/2004 e artigo 38.2 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril). Se houbera reclamacións, serán resoltas polo propio Pleno dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ó interesado dentro de dito prazo. E se non as houbera, publicado o anuncio definitivo, entenderase aprobado definitivamente.
- e.-Remítirase copia da modificación á Consellería de Xusticia e Interior e á Dirección General de Coordinación con las Haciendas Territoriales (artigo 20.4 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril).

**Conclusións.**

Infórmase FAVORABLEMENTE o expediente de créditos extraordinarios nº 01/2014- Non obstante, a Corporación, con superior criterio, resolverá o que estime procedente.

Fene, 4 de marzo de 2014  
O interventor,  
Asdo: Manuel Larrosa Rodríguez”

Consta a proposta da alcaldía que copiada di:

**“PROPOSTA DA ALCALDIA**

Proponse ao Concello Pleno a adopción do acordo de concesión de créditos extraordinarios nº 1/2014, con fundamento na seguinte EXPOSICION DE MOTIVOS:

Na memoria adxunta ó expediente, expoñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Logo de ver os informes e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sometese a esta Comisión a seguinte

**PROPOSTA:**

1º. Aprobar o expediente nº 01/2014 de Créditos extraordinarios financiados con baixas por anulación de créditos por un importe global de 114.268,60 € de conformidade co establecido no artigo 177.6 do TRLRFL ó concurrir no presente caso, e segundo o expresado na providencia de inicio do expediente, as circunstancias a que fai referencia o citado artigo.

O detalle é o seguinte :

Aplicacións orzamentarias que se crean mediante o crédito extraordinario:

| Aplicación orzamentaria | Descrición  | Importe (€)      |
|-------------------------|---|------------------|
| 151/61900               | Urbanismo, outros investimentos en reposición: Execución de obras na Praza do Ameneiral.  | 15525,97         |
| 342/63203               | Instalacións Deportivas, edificios e outras construcións: Instalación de electricidade de baixa tensión no Campo de Fútbol dos Pinares. | 49821,74         |
| 342/63203               | Instalacións Deportivas, edificios e outras construcións: Reforma de sala de máquinas e cambio de caldeiras na piscina municipal.       | 48920,89         |
| <b>TOTAL</b>            |   | <b>114268,60</b> |

2º.- Financia-lo expediente nº 1/2014 de crédito extraordinario con baixas por anulación de créditos por importe total de 114268,60 Euros, sendo as partidas afectadas as seguintes:

| Aplicación Orzamentaria |   | Cosignación anterior | Disminución | Crédito definitivo |
|-------------------------|---|----------------------|-------------|--------------------|
| Código                  | Denominación  |                      |             |                    |
| 011/31007               | Débeda pública, xuros préstamo ICO  | 25500,00             | 20000,00    | 5500,00            |
| 011/91307               | Débeda pública, BCL 2000 refinanciados  | 82000,00             | 25000,00    | 57000,00           |
| 011/91312               | Débeda pública, Amortización préstamo ICO   | 122507,00            | 45000,00    | 77507,00           |
| 161/d9/63300            | Saneamento e abastecemento auga: Aportación municipal rede abastecemento auga R/Alta e A Torre (PCC 2011) | 45500,00             | 24268,60    | 21231,40           |
| Total                   |   |                      | 114268,60   |                    |

3º.-De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Ley Reguladora das Facendas Locales, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición publica do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

4º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido periodo de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ó interesado dentro de dito prazo.

Fene, 4 de marzo de 2014  
O alcalde,  
Asdo.- Gumersindo P. Galego Feal."

Abre o debate o concelleiro de Facenda, Juan José Franco Casal, que di que explica sucintamente as obras, o financiamento que precisan e, como se trata dun crédito extraordinario, das partidas económicas que se diminúen.

**Sometido o asunto a votación é aprobado por maioría simple de 6 votos a favor do grupo municipal do PP e 11 abstencións (5 do grupo municipal socialista, 5 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto).**

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

**1º. Aprobar o expediente nº 01/2014 de Créditos extraordinarios financiados con baixas por anulación de créditos por un importe global de 114.268,60 € de conformidade co establecido no artigo 177.6 do TRLRFL ó concurrir no presente caso, e segundo o expresado na providencia de inicio do expediente, as circunstancias a que fai referencia o citado artigo.**

**O detalle é o seguinte :**

**Aplicacións orzamentarias que se crean mediante o crédito extraordinario:**

| Aplicación orzamentaria | Descrición  | Importe (€)     |
|-------------------------|---|-----------------|
| <b>151/61900</b>        | <b>Urbanismo, outros investimentos en reposición: Execución de obras na Praza do Ameneiral.</b> | <b>15525,97</b> |
| <b>342/63203</b>        | <b>Instalacións Deportivas, edificios e outras construcións:</b>                                | <b>49821,74</b> |

|                  |  |                  |
|------------------|--|------------------|
|                  | <b>Instalación de electricidade de baixa tensión no Campo de Fútbol dos Pinares.</b>   |                  |
| <b>342/63203</b> | <b>Instalacións Deportivas, edificios e outras construcións: Reforma de sala de máquinas e cambio de caldeiras na piscina municipal.</b> | <b>48920,89</b>  |
| <b>TOTAL</b>     |  | <b>114268,60</b> |

**2º.- Financia-lo expediente nº 1/2014 de crédito extraordinario con baixas por anulación de créditos por importe total de 114268,60 Euros, sendo as partidas afectadas as seguintes:**

| <b>Aplicación Orzamentaria</b> |  | <b>Consignación anterior</b> | <b>Diminución</b> | <b>Crédito definitivo</b> |
|--------------------------------|--|------------------------------|-------------------|---------------------------|
| <b>Código</b>                  | <b>Denominación</b>  |                              |                   |                           |
| <b>011/31007</b>               | <b>Débeda pública, xuros préstamo ICO</b>  | <b>25500,00</b>              | <b>20000,00</b>   | <b>5500,00</b>            |
| <b>011/91307</b>               | <b>Débeda pública, BCL 2000 refinanciados</b>  | <b>82000,00</b>              | <b>25000,00</b>   | <b>57000,00</b>           |
| <b>011/91312</b>               | <b>Débeda pública, Amortización préstamo ICO</b>   | <b>122507,00</b>             | <b>45000,00</b>   | <b>77507,00</b>           |
| <b>161/d9/63300</b>            | <b>Saneamento e abastecemento auga: Achega municipal rede abastecemento auga R/Alta e A Torre (PCC 2011)</b> | <b>45500,00</b>              | <b>24268,60</b>   | <b>21231,40</b>           |
| <b>Total</b>                   |  |                              | <b>114268,60</b>  |                           |

**3º.-De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.**

**4º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ó interesado dentro de dito prazo.**

**10.3 Aprobación, se procede, da declaración institucional dos grupos políticos do Concello de Fene no día 8 de marzo, día da muller traballadora**

A continuación fai uso da palabra o alcalde que di que a urxencia vén motivada pola proximidade da data do 8 de marzo.

Por unanimidade dos presentes apróbase a urxencia e incorporación á orde do día da seguinte declaración institucional á que o alcalde dá lectura:

“DECLARACION INSTITUCIONAL DOS GRUPOS POLITICOS DO CONCELLO DE FENE NO DIA 8 DE MARZO, DIA DA MULLER TRABALLADORA

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A loita pola igualdade da muller en España ten máis de 100 anos de historia, grazas a mulleres como as nosas avoas, nais ou mestras, que fixeron posible que as nosas fillas e fillos crezan hoxe nun país máis xusto, máis libre e máis igualitario. A auténtica revolución do século XX foi a incorporación da muller ao mercado laboral.



En data 8 de marzo o recordo, se remonta o século XX en Nueva York cando as mulleres traballaban fora das súas casas nas peores condicións e decidiron organizar unha manifestación polas rúas dos barrios ricos para que todos souberan da súa situación. O día 8 de marzo de 1908 tamen en Nueva York, un grupo de mulleres se encerraron na fábrica textil Cotton onde traballaban. O dono cerrou a fábrica e prendeu lume o edificio; morreron 146 mulleres. A tela que fabricaban era de cor violeta, por eso dende entón se converteu nun símbolo da loita da muller polos seus dereitos.

A visión de que todas as mulleres somos un pilar para Galicia tamén está moi presente nun momento no que o contexto global esixe maiores cotas de enxeño e creatividade para poder crear proxectos de crecemento, e deste xeito é prioritario apoiar unha utilización máis extensa e eficaz do potencial e do talento das mulleres.

Homes e mulleres, somos, dende a diversidade, igualmente valiosos e necesarios, pero en demasiadas ocasións as mulleres seguimos tendo que demostrar o dobre para alcanzar a metade.

Despois de cen anos de loita permanecen roles e aspectos xerais sin inmutarse. Continua presente a violencia de xénero, a dependencia e as desigualdades no reparto de tarefas do fogar e o coidado de fillos e maiores. Continua activo na vida cotidian o feito de que as mulleres acceden o mercado laboral pero en categorías inferiores e com peores condicións retributivas; y no mundo em desenrolo o fenómeno da feminización da pobreza, co feito que o 70% dos pobres do mundo sexan mulleres, o as carencias em materia de saúde sexual e reprodutiva que fan que cada minuto morra unha muller no mundo consecuencia de lexislación que cercenan o seu dereito a decidir. Por iso o 8 de marzo ten que ser tamen a data na que as mulleres reivindiquen o seu dereito a decidir a súa maternidade.

Os datos e os feitos son tallantes: máis do 60% dos títulos superiores nas universidades de España e da Unión Europea teñen nome de muller e o Banco Mundial deixou claro que a achega das mulleres en decisións estratéxicas aumenta a produtividade da entidade nun 20% como media.

Non obstante hai que lamentar que a presenza feminina nos postos directivos das administracións dos Estados membros da UE apenas roza o 30%, en tanto que en España a media de mulleres nos consellos de administración do Ibex 35 só representan o 13,5%.

A participación das mulleres no mercado de traballo é cada vez maior; non obstante, aínda persisten as desigualdades laborais, especialmente nos postos directivos.

Así, o aproveitamento do talento feminino persegue potenciar unha participación máis ampla e diversa das mulleres no desenvolvemento económico e social de Galicia, aproveitando o talento, a experiencia e a visión deste valioso capital humano para aumentar as bases dun tecido produtivo máis innovador e competitivo e cada vez máis internacionalizado; fomentando ao mesmo tempo unha organización empresarial máis comprometida coa igualdade de xénero.

As mulleres están presentes en todas as facetas económicas e sociais do país, pero moitas seguen tendo que elixir entre a maternidade e a súa profesión, algo que non debe ser admisible na nosa sociedade. Entre as administracións, os axentes sociais e as empresas, o camiño ha de estar marcado: un modelo de sociedade que permita a igualdade real e efectiva de homes e mulleres.

A sociedade non pode permitirse este dispendio de talento, porque a maior igualdade aumenta a produtividade, mellora a competitividade e é motor de desenvolvemento.

Polo tanto, temos que apoiar as mulleres a que innoven, cren ideas e produtos competitivos. A creación de proxectos empresariais e o autoemprego constitúen un pilar relevante que busca promover o espírito emprendedor e a actividade empresarial das mulleres, cunha especial atención aos sectores vinculados á tecnoloxía, o coñecemento e a creatividade.

Por isto, faise necesario, polo tanto, apoiar e potenciar o desenvolvemento profesional das mulleres en Galicia en aqueles ámbitos de actividade económica onde aínda exista unha infrarepresentación feminina.

Por todo o anterior, os Grupos Municipais do Concello de Fene adoptan os seguintes acordos:

Instar a todas as Administracións públicas, dentro dos seus respectivos ámbitos competenciais, a:





- a) Realizar campañas de divulgación e formación no ámbito do emprendemento feminino.
- b) Potenciar políticas e programas de apoio ao emprendemento feminino e á consolidación de proxectos empresariais liderados por mulleres como medio axeitado para a súa promoción, participación e progresión no mercado laboral.
- c) Mantemento da lei que permita as mulleres decidir libremente sobre a súa maternidade.

IVAN PUENTES RIVERA

MARIA DEL CARMEN MARTINEZ

MANUEL POLO GUNDIN

ROCIO A. BERTO A PUENTE"

Prosegue dicindo o alcalde que a declaración foi asumida por todos os grupos políticos do Concello de Fene, coa matización que fixo a voceira do grupo mixto municipal, que dixo que secundaría o correo electrónico que recibiu da posición que vai tomar EU respecto dos manifestos conxuntos que di que non participará en ningún acto institucional sobre a muller ou a igualdade mentres que o PP manteña a súa posición sobre o aborto, pero si estará xunto as organizacións que loitan contra a liberalización social e de xénero.

**Sometido o asunto a votación é aprobado por maioría absoluta de 16 votos a favor (6 do grupo municipal do PP, 5 do grupo municipal socialista e 5 do grupo municipal do BNG) e 1 en contra do grupo mixto.**

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

**Instar a todas as Administracións públicas, dentro dos seus respectivos ámbitos competenciais, a:**

- a) Realizar campañas de divulgación e formación no ámbito do emprendemento feminino.**
- b) Potenciar políticas e programas de apoio ao emprendemento feminino e á consolidación de proxectos empresariais liderados por mulleres como medio axeitado para a súa promoción, participación e progresión no mercado laboral.**
- c) Mantemento da lei que permita as mulleres decidir libremente sobre a súa maternidade.**

**10.4 Aprobación, se procede, da moción de apoio á plantilla de Navantia-Fene-Ferrol en relación coa mobilización do día 12 de marzo de 2014**

Neste momento auséntase da sesión o concelleiro Antón Lois Noceda Carballo.

A continuación intervén o alcalde que di que o pasado martes houbo unha reunión na alcaldía cos Comités de empresa de Navantia Fene e Ferrol que proxectan unha mobilización para o mércores día 12 que consistirá nun encerro no estaleiro e logo unha manifestación dende ás Pías ata o Concello de Fene. Os Comités de empresa solicitaron que o Pleno aprobase o apoio a esa mobilización e o chamamento á participación veciñal e por iso a urxencia desta moción.

Por unanimidade dos membros presentes apróbase a urxencia e incorporación á orde do día da seguinte moción á que o alcalde dá lectura:

**"O PLENO DO CONCELLO DE FENE RESPALDA A PLANTILLA DE NAVANTIA-FENE-FERROL E PIDE O APOIO DOS VECIÑOS PARA A MOBILIZACIÓN DO VINDEIRO MÉRCORES DÍA 12 DE MARZO.**

O pleno do Concello de Fene apioa a mobilización das plantillas de Navantia – Fene – Ferrol que se vai a celebrar o vindeiro mércores día 12 de marzo en reivindicación de carga de traballo para os estaleiros, construción do dique flotante e levantamento do veto a Navantia Fene, que finalizará na praza do Concello sobre as 18.00 h.



O pleno do concello tamén fai un chamamento os veciños para que participen en dita mobilización, mostrando o seu apoio, e prestando todos os medios o seu alcance para levar a efecto dita colaboración para o normal desenvolvemento da mesma.”

Neste momento incorpórase á sesión o concelleiro Antón Lois Noceda Carballo.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rivera, que di que apoiarán o respaldo aos Comités de empresa de Navantia Fene e Ferrol.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín, que di que di que votará a favor porque entenden que o que se vai aprobar é o apoio do pleno ás manifestacións dos traballadores de Navantia. Pide a participación dos veciños de Fene e rógalle ao alcalde que faga un bando facendo un chamamento aos veciños e veciñas, porque ten unha gran importancia que a antiga Astano e Bazán teñan traballo. Ofrécelles aos demais grupos políticos que se sumen á moción que a vindeira semana presentará o BNG na que pedirá que se levante o veto e que se constrúa o dique flotante. Di que hai cuestións que son estritamente políticas, así quen ten a maioría pode facer algo, pois de nada serven as declaracións e os apoios se non se fai nada ao respecto.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que apoiarán a moción e anuncia o voto favorable á moción que presente o BNG porque, entre outras cousas, os compañeiros de EU levan presentados máis de 40 mocións ao respecto dende que comezaron os problemas dos estaleiros. En todo caso, daralle traslado desto aos compañeiros de EU no Parlamento galego para que fagan as xestións oportunas.

**Sometido o asunto a votación é aprobado unanimidade dos membros presentes.**

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

**O PLENO DO CONCELLO DE FENE RESPALDA A PLANTILLA DE NAVANTIA-FENE-FERROL E PIDE O APOIO DOS VECIÑOS PARA A MOBILIZACIÓN DO VINDEIRO MÉRCORES DÍA 12 DE MARZO.**

**O pleno do Concello de Fene apio a mobilización das plantillas de Navantia – Fene – Ferrol que se vai a celebrar o vindeiro mércores día 12 de marzo en reivindicación de carga de traballo para os estaleiros, construción do dique flotante e levantamento do veto a Navantia Fene, que finalizará na praza do Concello sobre as 18.00 h.**

**O pleno do concello tamén fai un chamamento os veciños para que participen en dita mobilización, mostrando o seu apoio, e prestando todos os medios o seu alcance para levar a efecto dita colaboración para o normal desenvolvemento da mesma.**

### **11. Rogos e preguntas**

O voceiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rivera, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Roga que contacte con Estradas do Estado para arranxar as fochancas que hai na N-651 á altura da entrada e saída de San Valentín.

A concelleira Rocío Aurora Bértoa Puente responde que a concellería de Urbanismo requiriulle un informe á Policía Local sobre o estado da estrada que foi enviado a Fomento, ao igual que xa pasou o ano pasado no que se procedeu ao seu arranxo.

- Roga que se arranxen e revisen en xeral os camiños do Concello, hai moitos que, logo deste duro inverno, precisan un asfaltado e outros arranxos.

- En relación coa rúa da Fontenova, di que está en mal estado e roga que se actúe particularmente sobre ela.

- En relación coas beirarrúas do Tarrio, na zona do centro de saúde, aínda que se fixeron algúns traballos roga que se revisen e que se melloren para facilitar o tránsito peonil.



Contesta o concelleiro de Servizos, José Andrés Serantes Panceiras, dicindo que seguen a traballar nelas e di que sobre o que se fixo, se hai algunha deficiencia, cambiarase.

- En relación coa tala de árbores que se está a facer no conxunto do Concello di que semella un atentado ecolóxico xa que son innumerables as árbores que desaparecen no conxunto do Concello, como o chopo do lado da Casa da Cultura que se talou en base a xustificacións de alerxias, algo ridículo, no sentido que a la que solta o chopo non é polen e non hai ningún estudo que diga que pode ser causante de alerxias. Rógalle ao concelleiro de Servizos que non se talen árbores que non supoñan un risco evidente senón en base a un informe técnico que o xustifique. As talas selectivas a solicitude dos veciños di que é un xeito un pouco peculiar de gobernar.

- Roga que se limpen, en xeral, os colectores do conxunto do Concello.

- Roga que se manteña o parque que hai detrás do supermercado de San Valentín, tanto a zona verde como aquela pequena fonte que nace na zona.

- ¿Que medidas se están facendo respecto do escrito duns veciños de Barallobre que pediron que se manteña e limpe a fonte e do lavadoiro da Abeleira?.

Contesta o concelleiro de Servizos, José Andrés Serantes Panceiras, que di que aínda non se fixeron estes traballos debido ao mal tempo. Espera que se mellora o tempo poida estar feito para o seguinte pleno.

- Roga que se vixie na Curveira, en San Marcos, os baleirados de xurro que se están a producir.

- Roga que se arranxen as marquesiñas, en concreto á das Pías.

- Roga que se repasen as gabias na rúa Alta.

- Na zona dos Carballás, roga que, primeiro se repoña o alumeado que falta e logo, cando haxa cartos, substitúan o alumeado por outro novo e mellor.

- ¿Cal é a previsión para presentar o PXOM ás distintas sociedades?. Roga que se faga canto antes. Contesta a concelleira Rocío Aurora Bértoa Puente que houbo unha reunión a finais de febreiro e das suxestións do PSOE e do BNG consideraron que os redactores do PXOM contesten as reclamacións unha a unha en vez de refundir todas as reclamacións xuntas. Tamén requiríuselles aos redactores que informen do cambio legislativo que provoca a Lei. Tan axiña como se teña ditos informes se lles facilitará aos grupos políticos.

- En relación coas direccións únicas que se estableceron en Perlío, na rúa Abad, na rúa Antonio Montero e na rúa Ameneiral, di que os veciños e o seu grupo teñen unha discrepancia coa regulación do tráfico desta última rúa no sentido de que é unha rúa que ten unha visibilidade perfecta e que na súa maior parte pode ser de dobre sentido, por iso roga que se reformule a dirección única e que se estableza, igual que se fixo coa rúa Cádavo, como de sentido preferente e non de sentido único, xa que só hai 50 m. difíciles e conta con total visibilidade e así evitaríase ter que dar unha boa volta. Caso contrario, solicitan que se quite o sinal de STOP.

- ¿Que ten pensado facer o goberno respecto da Comisión de Investigación sobre o mantemento das instalacións deportivas?. Di que se está nun impas que non se sabe o que vai pasar con ela. Contesta o alcalde que non ten inconveniente en convocala, pero saben que o secretario actual non interveu, polo que na Xunta de Voceiros poden decidir esperar ou convocala.

- ¿Hai previsto facer algo respecto da temperatura da auga da piscina?.

Contesta o alcalde que se acaba de aprobar unha modificación de crédito para o arranxo das caldeiras.

A concelleira Rocío Aurora Bértoa Puente contesta que a temperatura está a 28º e a lei obriga que teña unha temperatura entre 25 e 29º. Todos os gobernos tiveron queixas sobre as temperaturas pero todo o mundo sabe que esta é a piscina que ten a temperatura máis alta da zona e a temperatura nunca baixa de 27,5º. Di que estase a facer un seguimento todos os días.

O concelleiro Iván Puentes Rivera di que os propios traballadores da piscina admiten que a auga está fría.



A concelleira Rocío Aurora Bértoa Puente di que é mentira, ao que o concelleiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín, di que é verdade, que lle pode presentar persoas que o admiten. Seguidamente intervén o alcalde que di que o tema da piscina está xa bastante machacado. Entraron xa bastantes sinaturas por rexistro como para que o goberno considere, xunto co asesoramento técnico correspondente, o cambio das caldeiras e duns humectantes. Sempre haberá xente que entenderá que a auga está fría e outra que considerará que está demasiado quente, para quen fai deporte está quente e para os que fan natación terapéutica estará fría. Isto non é o tema, nin sequera coas novas caldeiras, xa que cando se eleve a temperatura a xente que practica natación deportiva, seguramente, darase de baixa, polo que conclúe que lle parece unha discusión absurda. A concelleira Rocío Aurora Bértoa Puente di que todos son coñecedores do estado das caldeiras e o PSOE, que acaba de marchar hai pouco do goberno, xa tiña esta petición para o cambio das caldeiras a través dunha das subvencións da Deputación.

- Teñen pendente a recepción dun escrito do estado de mantemento das instalacións deportivas que xa solicitaron na comisión de novembro. Di que só se lles entregou unha parte respecto das instalacións descubertas e falta por saber como está o campo de fútbol, a piscina, os pavillóns, a pista de skate e os parques biosaudables. Por iso, quere insistir en que llo faciliten.

Contesta a concelleira Rocío Aurora Bértoa Puente que xa se deu conta na comisión que se ía facer cos técnicos competentes, xa que en temas de seguridade non pode asinar unha técnica de deportes. Por iso fíxose un primeiro informe e logo faranse os demais.

- ¿Cal foi o resultado da reunión cos directores dos colexios públicos de Fene respecto da súa incorporación ao Consello Escolar?.

- En relación coa visita do Xefe territorial da Consellería de Educación ao colexio do Ramo tamén queren saber, ¿cal foi o resultado da reunión e se hai unha resposta positiva para o mantemento do colexio?.

Contesta o alcalde que di que non visitou o colexio do Ramo exclusivamente, senón que aproveitouse a reunión cos directores dos colexios de Fene dando como resultado unha serie de preferencias á hora de facer obras de mantemento en cada un dos centros e que, logo das obras na Xunqueira e nos Casais, acometeranse no Ramo con cargo aos orzamentos do ano que ven, sen prexuízo doutras actuacións menores como poden ser porteiros automáticos e demais.

- Lémbrale ao goberno que está pendente de aprobación o regulamento de uso do campo de fútbol dos Pinares, ¿hai algunha previsión ao respecto?.

Contesta a concelleira Rocío Aurora Bértoa Puente que se deu conta na Comisión de Deportes que non se vai facer este regulamento específico senón que vai ser un regulamento xeral de todas as instalacións deportivas. Acaba de rematar a técnica de deportes e o responsable das instalacións deportivas o estudo económico para modificar a ordenanza fiscal núm. 2.

- ¿Hai algunha previsión de aprobación do orzamento do 2014?.

Contesta o concelleiro de Facenda, Juan José Franco Casal, que di que se está a traballar nun anteproxecto para o mes de abril.

- Roga que haxa unha mellor comunicación entre os membros do goberno municipal xa que na Comisión de Facenda non se dixo nada da modificación de crédito que hoxe veu ao Pleno.

Contesta o concelleiro de Facenda, Juan José Franco Casal, que cando se convocou a Comisión non estaba feita a modificación de crédito e non se sabía, daquela, se daría tempo a preparala. Logo, unha vez feita, anunciouse na Xunta de Voceiros.

- ¿Hai censura ou algún tipo de criterio ideolóxico á hora de seleccionar as exposicións na Casa da Cultura de Fene?. Supón que non. Por iso quere saber cales son as razóns polas que a concelleira de Cultura decidiu suspender a exposición do artista gráfico Luís Davila, que incluso chegou a ter data de exposición para o 3 de xaneiro na Casa da Cultura, sen ningún tipo de explicación. Di que se trata dun dos grandes artistas gráficos que está a expoñer na maioría dos concellos de Galicia, que vai vir a Narón cobrando e que a Fene estaba disposto a expoñer de balde, polo que se os cartos non son a explicación quere saber cal foi o motivo da cancelación. Roga que se tente convencer ao artista, logo deste agravio, para que expoña a súa obra en Fene.

Contesta a concelleira de Cultura, Rocío Aurora Bértoa Puente, dicindo que esta exposición non tivo nunca data de exposición. Presentou un dossier, igual que todos os que expoñen na Casa da Cultura,

que foi revisado polo goberno e se non se considera interesante non se expón. A exposición supoñía un custe de instalación, aínda que el non ía cobrar. O motivo foi que non encaixaba o argumento.

O concelleiro Iván Puentes Rivera pregunta, ¿cal foi a razón?.

A concelleira Rocío Aurora Bértoa Puente contéstalle que ao seu criterio a súa obra non encaixaba. Dille que cando chegue ao goberno expoña o que queira. Di que ela toma decisións asesorada polos seus técnicos.

O concelleiro Iván Puentes Rivera pregunta, ¿que técnicos e que criterios técnicos tivo?.

A concelleira Rocío Aurora Bértoa Puente contéstalle que a decisión que toma as asume ela. Preguntoulle se tiña outro material para expoñer porque non lle parecía correcto expoñer toda unha exposición centrada nun tema que non tolera.

O concelleiro Iván Puentes Rivera pregunta, ¿cal era a temática?.

A concelleira Rocío Aurora Bértoa Puente contéstalle que a este señor non se lle suprimiu nada, porque para suprimir hai que ter un dereito, e este señor non tiña confirmado nada.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Roga que o alcalde dirixa o Pleno e que non permita determinadas actuacións. Se non se sabe se o que se formula é un rogo ou unha pregunta pídelles que pare e que pregunte se é preciso.

- Roga que non se lle minta ao pleno, porque non é certo que a auga da piscina non estea fría. Unha cousa é que teña unha temperatura tecnicamente legal e outra é que estea máis fría do que estaba antes, por iso das queixas e da aprobación por urxencia do cambio das caldeiras. A auga está fría.

- Roga que aproveiten a semana que vén para facer os rebacheos naqueles camiños que están peor, así cita o camiño da Brea en Barallobre, o camiño de Santiago na zona de Rego da Moa, a rúa da Paz, rúa Maroño, rúa Mundín, rúa Alta, rúa Baixa, rúa Hortelá, camiño do Penedo, o camiño do Conde e demais. Di que hai tantos que están en mal estado que se suman ao rogo anterior.

- Onte, festivo local, cortouse a circulación na avenida Marqués de Figueroa e na rúa Tellerías por obras que orixinaron colas importantes na circulación. Trátase dunha falla de previsión importante e roga que se estea atento ás posibles obras que se fan e que non xeren tantos cortes de tráfico.

- Roga que se regularicen as cesións dos locais ás asociacións, sería conveniente facer unha relación de locais e conformar un documento, con algún criterio de cesión, para que a entidade xustifique que está viva e que funciona.

Contesta a concelleira Rocío Aurora Bértoa Puente que no mes de febreiro solicitoulle ao técnico de Cultura que fixera un borrador deste regulamento. Fixo 3 propostas pero quedou sobre a mesa pola coincidencia co Antroido. Saben perfectamente quen ocupa todos os locais ou cando menos quen figura como titular, aínda que non haxa nada asinado. O regulamento irá no sentido de saber que uso se lle dá aos locais e ademais que o uso que se lle dea sexa aquel para o que se lles concedeu.

- Roga que lles respondan aos escritos que presentou o BNG, presentaron o 30.01.2014 dous escritos, un en relación a contratos das pólizas de xubilación e outro polos pagamentos feitos entre 2011 e 2013 ao seu compañeiro Juventino José Trigo Rey e á sociedade Gestoría Perlío.

- ¿Ten o goberno valorado o custe adicional que supón a suba do tratamento de Sogama?. Caso de que non o teñan roga que lles faciliten o custe que vai supor.

Contesta o alcalde que está en estudo pero aínda non ten o importe, pero que en todo caso sería unha estimación sobre o custe das toneladas que se levaron á incineradora o ano pasado, cunha estimación do que suporían os meses de xaneiro e febreiro deste ano.

- ¿Hai feita algunha xestión relativa ás liñas de alta tensión aprobadas no anterior Pleno?.

Contesta o alcalde que di que asistiu a unha reunión na Coruña coa delegada provincial de Sanidade no que se acordou que o colexio da Xunqueira concretase, é dicir, ademais da Consellería de Educación, os datos das persoas que estudaron ou traballaron alí, para poder facer un cruce cos datos da área sanitaria por un lado e por outro, coa especificación dos casos que a AMPA ten coñecemento, casos de hiperactividade ou cancro.



- Ademais da información que se deu relativa ao PXOM, quere saber se hai algunha aproximación ou data, ¿para cando?. O di porque as súas suxestións foron feitas hai máis dun ano e pensa que é tempo dabondo e supón falla de dilixencia de alguén.

Contesta a concelleira de urbanismo, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que é certo que non están feitas todas as achegas dos relatores do PXOM e en canto á previsión di que non ten ningunha. A última vez faláron con eles para darlle un impulso e tomar a iniciativa de que os técnicos, neste caso a empresa privada, se poñan no papel do que queren os políticos e fagan o que pensan que é máis aconsellable para este Concello.

- ¿Que medidas se tomaron coas vivendas en ruínas?. Di que só viron unha Resolución da alcaldía relativa ás vivendas ruinosas. Roga que actúen, que se fagan informes respecto de moitas vivendas ruinosas porque os propietarios teñen a obriga legal de manter as súas vivendas.

Contesta o alcalde que se fixo o correspondente informe e posterior resolución. Logo dos temporais valorárase. Di que é evidente que hai moitos inmobles así no concello pero as decisións que se tomen deberán ser meditadas coa finalidade de evitar execucións subsidiarias por parte do concello.

- ¿Actuaron no noiro dos Loureiros logo do lavadoiro que caeu sobre o propio camiño?.

Contesta o concelleiro de Servizos, José Andrés Serantes Painceiras, que di que aínda non se fixo nada, que ten que ir primeiro un técnico para valoralo.

- ¿Ten o goberno mirado dous escritos que presentaron o sábado pasado en relación coa tala de árbores?. ¿Hai algunha información que darlles?. ¿Porque cortaron o tilo que había xunto á Fonte de Campo?, di que o tilo non xera alerxia ningunha.

Contesta o alcalde que a información solicitada por escrito se lle achegará. O 04.03.2014 ás 13.35 h. presentouse a correspondente denuncia no cuartel da Garda Civil, que está a realizar as oportunas xestións das que ata este momento non teñen resultado ningún.

- En relación coa tala das árbores quere saber, ¿cal é o custe das talas? e ¿cal é o destino da madeira?.

Contesta o concelleiro de Servizos, José Andrés Serantes Painceiras, que di que o custe do corte do chopo da Fonte do Campo foi de 150 euros e a madeira levouna un veciño.

A voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Quere deixar constancia das queixas dos veciños pola tala de árbores.

- En relación coa Comisión de Investigación saben que a secretaria está de baixa pero quere lembrar que a Comisión leva máis dun ano sen actividade.

- Roga que se arranxe a marquesiña do colexio de Centieiras.

- ¿Quere saber como están as xestións feitas dende o último Pleno respecto do punto limpo?.

Contesta o alcalde dicindo que este luns volverá haber reunión da Mancomunidade, haberá que decidir que procedemento se utilizará para a adxudicación e pensa que os pregos poden estar listos. Na vindeira Xunta de Voceiros poderá informarlle algo máis.

- Roga que se lle faciliten os gastos do carnaval.

Contesta o alcalde dicindo que se pasarán no momento oportuno, xa que de momento é imposible.

- Roga que se coloque un colector de papel xunto á farmacia de Sillobre.

- ¿Cal foi o resultado da reunión cos mestres dos colexios?.

Contesta o alcalde que naquela reunión os mestres concluíron que preferían non tomar parte do Consello Escolar e si ter unha reunións cada trimestre, aproximadamente, co goberno para tratar o que lles interesa, que son temas como o de arranxo dos colexios e demais.

- ¿Como se vai afrontar o pagamento das pagas extraordinarias ás que condenan as sentencias?.

Contesta o alcalde dicindo que as sentenzas vanse cumprir, ademais o máis rápido posible.



- Lembra a necesidade de ter uns bancos novos no campo de fútbol dos Pinares e roga para que se estude unha queixa que recibiu en relación a unha fendedura que hai nunha esquina do campo, que ten risco de afondamento.

A concelleira Rocío Aurora Bértoa Puente responde que os banquiños estanse a arranxar.

- ¿Váíselle contestar ao pai dun neno do club de Maniños que presentou un escrito en xuño e outro en outubro no que pedía entre outras cousas un planning do campo?. Respecto disto xa entraron dous escritos por rexistro do Defensor do Pobo nos que insta ao concello para que conteste.

A concelleira Rocío Aurora Bértoa Puente responde que se lle responderá a través do Valedor do Pobo.

Non habendo máis asuntos a tratar a presidencia declara rematado o acto sendo as 20.25 h., de todo o que como secretario dou fe.

O alcalde

O secretario accidental

Gumersindo Pedro Galego Feal

Fernando Aradas García